CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A SOCIEDADE GALEGA E O IDIOMA
A evolución sociolingüística de Galicia (1992 - 2003)

SECCIÓN DE LINGUA

Informe

A SOCIEDADE GALEG A E O IDIOMA. A EVOLUCIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DE GALICIA (1992 - 2003)

Informe

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A SOCIEDADE GALEGA E O IDIOMA

A evolución sociolingüística de Galicia (1992 - 2003)

COMISIÓN TÉCNICA DE LINGUA E SOCIEDADE
SECCIÓN DE LINGUA

Sección de Lingua. Comisión Técnica de Lingua e Sociedade
A sociedade galega e o idioma : evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003) / Comisión Técnica de Lingua e Sociedade. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2005. — 103 p. ; 17 cm. — (Informes)
DL C-3089-2005. — ISBN 84-96530-10-8
1. Lingua galega-Normalización. 2. Sociolingüística. I. Consello da Cultura Galega. Sección de Lingua. II. Título

Edita: © Consello da Cultura Galega

Deseño: [Barro, Salgado, Santana]
Imprime: Gráficas ATV

ISBN 84-96530-10-8
D.L. C-3089-2005

DIRECTORES DO PROXECTO
Henrique Monteagudo
Anxo Lorenzo

COORDINACIÓN E REVISIÓN DA OBRA
Håkan Casares Berg

REDACCIÓN
Xoaquín Loredo
Isabel Suárez

O EQUIPO QUE ELABOROU ESTA OBRA AGRADECE
AS SUXESTIÓNS, OBSERVACIÓNS E CRÍTICAS DOS MEMBROS
DA SECCIÓN DE LINGUA:
Rosario Álvarez Blanco, Agustín Fernández Paz, Francisco Fernández Rei, Iolanda Galanes Santos, Valentín García Gómez e Bieito Silva Valdivia

ÍNDICE

PÁXINA 9
LIMIAR

PÁXINA 11
I. ANTECEDENTES, OBXECTIVOS E METODOLOXÍA DO TRABALLO
ANTECEDENTES DO PROXECTO
OBXECTIVOS DO ESTUDO
CONSIDERACIÓNS METODOLÓXICAS

PÁXINA 14
II. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA XERAL 1992-2003
LINGUA HABITUAL
LINGUA HABITUAL SEGUNDO A IDADE
LINGUA HABITUAL SEGUNDO SEXO
LINGUA HABITUAL POR HÁBITAT
USOS NA FAMILIA
USOS NA VIDA COTIÁ
LINGUA INICIAL
LINGUA INICIAL E IDADE
LINGUA INICIAL SEGUNDO HÁBITAT DE RESIDENCIA
COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS
LINGUA NA ESCRITA

PÁXINA 32
III. O GALEGO NA ESCOLA
ESCOLARIZACIÓN EN GALEGO
COMPETENCIAS E ENSINO
LINGUA DAS CLASES E DOS EXAMES
INFLUENCIA DO ENSINO NO CAMBIO DE LINGUA HABITUAL
EVOLUCIÓN DOS USOS NA ESCOLA (1992-2003)
INFLUENCIA DA LINGUA DAS CLASES NA COMPETENCIA PERCIBIDA

PÁXINA 41
IV. O GALEGO NO ÁMBITO LABORAL
LINGUA HABITUAL DOS TRABALLADORES GALEGOS
MEDIA DA LINGUA HABITUAL INFERIOR A 2
MEDIA DA LINGUA HABITUAL 2 – 2,50
MEDIA DA LINGUA HABITUAL 2,51 – 3
MEDIA DA LINGUA HABITUAL 3,01 – 3,50
MEDIA DA LINGUA HABITUAL SUPERIOR A 3,50
ASOCIACIÓN ENTRE LINGUA HABITUAL E OCUPACIÓN
PROFESIONAIS SEGUNDO O NIVEL DE CUALIFICACIÓN LINGÜÍSTICA QUE ESIXE O POSTO

PÁXINA 51
V. DESCRICIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DAS SETE CIDADES GALEGAS
Lingua inicial
Competencias lingüísticas
Lingua habitual
Analise de correspondencias: lingua habitual segundo a cidade

PÁXINA 59
VI. A LINGUA DA CLASE MEDIA URBANA GALEGA
Selección da submostra
Lingua habitual
Santiago de Compostela
A Coruña
Ferrol
Lugo
Ourense
Pontevedra
Vigo

PÁXINA 66
VII. O GALEGO E OS INMIGRANTES
Lingua inicial
Competencias lingüísticas
Lingua habitual

PÁXINA 70
VIII. CAMBIO DE LINGUA HABITUAL
Cambio de lingua habitual: ítem específico
Perfil dos individuos que declararon cambiar de lingua habitual
Evolución da lingua inicial á lingua habitual
Perfil dos iniciados en castelán que cambiaron ao galego

PÁXINA 79
IX. O GALEGO E AS NOVAS TECNOLOXÍAS

PÁXINA 83
X. PERFÍS DE FALANTES EN GALICIA

PÁXINA 93
XI. CONCLUSIÓNS

PÁXINA 99
XII. BIBLIOGRAFÍA

LIMIAR

O Consello da Cultura Galega ten como obxectivo fulcral, segundo a lei do Parlamento de Galicia que o creou, o fomento dos valores culturais galegos e, de xeito específico, a defensa e promoción do idioma galego. Por esta razón, a mesma lei establece entre as competencias do CCG a capacidade para investigar e valorar os problemas da lingua e da cultura de noso. Para desenvolver mellor as funcións que ten encomendadas, o Consello estableceu Seccións especializadas por áreas; e unha das primeiras que se artellou foi precisamente a Sección de Lingua. No mesmo momento da súa creación, esta Sección elaborou un programa de investigación sobre a situación do idioma galego en distintos ámbitos, que deu lugar a unha serie de publicacións de referencia sobre o ensino universitario e non universitario, a igrexa e o galego exterior. Este programa tivo a súa continuación con pescudas sobre o uso da lingua na esfera comercial e nas administracións locais. Finalmente, nos últimos anos viñeron a lume os resultados doutra serie de investigacións centradas especificamente na política lingüística en Galicia no período autonómico.

A obra que arestora presentamos benefíciase do labor previo do Instituto Galego de Estatística, que tivo o acerto de incluír un módulo sobre o coñecemento e uso do idioma galego na súa campaña anual de recolla de datos sociolóxicos correspondente ao ano 2003. O propio IGE deu a coñecer un amplo resumo das informacións obtidas nese inquérito mediante un folleto e tamén a través da súa páxina web. Pero, obviamente, ao IGE non lle compete realizar unha análise medianamente profunda da información específica sobre o idioma galego obtida daquela enquisa. Ante o risco de que esta valiosa información acabase sendo pouco ou mal aproveitada, a Sección de Lingua do CCG decidiu poñer en marcha un proxecto para a súa explotación. Contamos para isto coa mellor actitude do IGE, que puxo ao noso dispor o material obtido e nos ofreceu todo tipo de facilidades para traballar sobre el. É obrigado, pois, deixar constancia do noso agradecemento pola actitude de colaboración institucional, sempre ao servizo do país, do Instituto Galego de Estatística.

Co obxectivo de proceder a unha análise global dos datos do dito inquérito, a Sección de Lingua constituíu a Comisión Técnica de Lingua e Sociedade, que configurou un equipo de traballo composto por cinco especialistas. O coordinador da Sección de Lingua, Henrique Monteagudo, e o membro desta Anxo Lorenzo actuaron como codirectores do equipo, no que se integraron Håkan Casares, Xoaquín Loredo e Isabel Suárez. Os codirectores son os responsables da concepción e deseño do proxecto, acompañaron a súa realización e participaron na revisión das sucesivas versións deste. Os outros membros do equipo, alén de realizar materialmente as tarefas asignadas a cada un deles, arrequentaron o traballo con ideas propias e contribucións persoais. A Håkan Casares cóubolle unha responsabilidade

especial, pois deu forma tanxible tanto ás orientacións xerais dos codirectores canto ás propostas e emendas puntuais de todos, e fundiu nunha redacción unificada as achegas parciais dos outros membros do equipo. Queremos subliñar que a obra é resultado do traballo en equipo, desde as xuntanzas preparatorias que serviron para perfilar o proxecto, pasando polos debates de que foron obxecto cada un dos capítulos, ata a discusión final arredor da versión definitiva, para a cal contamos, ademais, coas suxestións dos membros da Sección de Lingua. Agradecemos desde aquí as achegas de todos e todas, e en particular o entusiasmo dos compoñentes do equipo.

Non é este lugar para unha reflexión detida sobre as conclusións que podemos tirar dos datos que presentamos e analizarmos neste "Informe". No entanto, parece procedente lembrar que este mostra claramente que está en xogo o futuro dun dos máis senlleiros sinais da identidade colectiva de Galicia, o idioma do país, que alén diso constitúe un patrimonio cultural de valor literalmente incalculable. Todo parece indicar que nos atopamos nunha disxuntiva crítica, a partir da cal o galego pode precipitarse nunha decadencia acelerada que remate no esmorecemento irreversible. Pero non é menos certo que aínda está ao noso alcance recuperalo para a plena normalidade, a condición de que a sociedade galega siga disposta a investir un esforzo intenso, prolongado e intelixente para conseguilo. Resulta, pois, ineludible chamar a atención dos axentes sociais –de xeito moi especial de líderes e gobernantes– verbo da súa responsabilidade histórica sobre o destino do noso idioma.

De forma nuns casos inxenua e noutros interesada, hai quen sostén que a marxinación do idioma galego é debida a unha opción voluntaria da cidadanía galega, e por tanto sería preferible deixar que as cousas fosen de seu. Pola contra, todos os estudos serios mostran de xeito inequívoco que a maior e mellor parte dos galegos e galegas, agora e no pasado, desexaron e desexan que a lingua do país sexa tratada dignamente e se desenvolva en condicións de plena normalidade. A subordinación do galego é, indiscutiblemente, un herdo de centurias de centralismo e de décadas de ditadura, e é responsabilidade principal dos poderes públicos (da sociedade e do estado) atopar os medios acaídos para superala.

Aos estudos sociolingüísticos (que tanto progreso experimentaron en Galicia nas últimas décadas) debemos, entre outras cousas, unha mellora significativa no coñecemento da realidade idiomática do país. Pero o que ao final resulta decisiva é a vontade da maioría da sociedade galega, en particular dos seus sectores máis conscientes, por transformar esa realidade, profundamente desigual e inxusta, nunha máis equitativa, de modo que a cidadanía galega poida usar e gozar libre e pacificamente dun dos bens culturais máis distintivos e valiosos que posúe. Contribuír a facer isto posible, na modesta medida das súas competencias e capacidades, constitúe un dos compromisos máis importantes do Consello da Cultura Galega.

Henrique Monteagudo

I. ANTECEDENTES, OBXECTIVOS E METODOLOXÍA DO TRABALLO

ANTECEDENTES DO PROXECTO

O Instituto Galego de Estatística (IGE) realiza desde o ano 1999 a Enquisa de Condicións de Vida das Familias (ECVF). Esta é unha macroenquisa de periodicidade anual, a maior por tamaño da mostra de Galicia, dirixida a obter información sobre as características socioeconómicas dos fogares e familias galegos. A enquisa articúlase en dous módulos: un primeiro que se repite todos os anos, onde se recolle información referente ao benestar social, e un segundo módulo de carácter máis específico reservado para diferentes bloques temáticos.

No programa estatístico anual para o ano 2003 do Plan de Estatística 2002-2006 inclúese a cuarta edición da enquisa que se centrou na análise do grao de coñecemento e uso do idioma galego. O IGE publicou uns descritivos básicos no 2004 sobre o módulo de lingua que obtiveron unha ampla difusión na prensa. A publicación consistía nunha difusión dos datos máis superficiais presentando frecuencias e porcentaxes obtidas das variables principais (lingua habitual, competencias declaradas e lingua inicial do entrevistado, principalmente).

Na elaboración do cuestionario da enquisa, o IGE contou co asesoramento e colaboración do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Valorouse utilizar o cuestionario do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) para que, aínda salvando as diferenzas metodolóxicas destes dous traballos, se puideran facer comparanzas de dúas realidades sociolingüísticas separadas máis de dez anos. O novo cuestionario ten un número menor de ítems que o do MSG, do cal se eliminaron as preguntas “opinativas”, que non encaixan na natureza do traballo do IGE, aquelas das que se obtiveron variables menos produtivas e tamén as que se consideraron menos interesantes, dada a menor exhaustividade que se proxectaba con esta cala. Tamén se introduciron algúns ítems novos para adecuarse á nova realidade e aos fenómenos sociolóxicos que se produciron dende 1992.

Unha vez coñecidos os datos, a Sección de Lingua do Consello da Cultura decidiu acometer unha segunda análise máis profunda da matriz de datos do IGE para poder facer unha radiografía sociolingüística máis detallada, incluso incidindo na comparabilidade das fontes que xa citamos e aproveitando uns datos xa existentes, optimizando deste xeito o esforzo público que se fixo para obtelos. Os autores deste traballo queremos agradecer expresamente o interese que mostraron os traballadores e o equipo directivo do Instituto Galego de Estatística e a súa disposición para a colaboración institucional, sen a cal non sería posible esta publicación.

Neste informe, decidiuse facer un descritivo sociolingüístico partindo de variables dependentes como competencias, lingua inicial e usos lingüísticos, cruzados con variables socioestruturais. Tamén, como xa mencionamos, fixéronse comparacións cos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia recollidos en 1992, cando foi posible. Tamén se realizaron análises utilizando ítems dos outros bloques temáticos da macroenquisa e análises máis complexas utilizando estatísticos multivariantes.

Obxectivos do estudo

O estudo parte dun obxectivo xeral evidente: obter información actualizada e precisa sobre o estado actual da lingua galega a través dos usos, o coñecemento e a lingua inicial dos galegos, e tamén doutras variables relacionadas. Ademais disto pretendeuse mostrar a evolución da situación sociolingüística xeral no período que vai dende 1992 a 2003 e, aproveitando a riqueza dos datos do IGE, analizar a situación da lingua galega en diferentes ámbitos (novas tecnoloxías, ensino, ámbito laboral, etc.). Por outra banda, quíxose completar a radiografía con fenómenos concretos, como é o cambio de lingua habitual, fenómeno importante para a recuperación ou substitución dunha lingua, e tamén describir a situación de colectivos específicos que están chamados a ter unha especial relevancia no proceso de normalización do galego (as clases medias urbanas e aqueles suxeitos que ocupan postos de traballo nos que a lingua xoga un papel importante) e de colectivos emerxentes (inmigrantes). Por último, e como análise nova, quixemos elaborar unha tipoloxía dos falantes galegos.

Os autores deste traballo queremos destacar, pese a que non foi un obxectivo central desta investigación, que os resultados poderían considerarse como unha radiografía do resultado da planificación lingüística que se leva facendo en Galicia. Con todo, somos conscientes de que os cambios que experimentou a sociedade galega na súa relación coa lingua están influenciados por unha serie complexa de factores en moitos casos alleos á intervención dos poderes públicos.

Consideracións metodolóxicas

Ata a publicación dos datos do módulo de lingua da Enquisa de Condicións de Vida das Familias Galegas, as principais fontes de datos sociolingüísticos en Galicia eran o Censo de Poboación e Vivendas, que desde o ano 1991 incorpora un pequeno número de preguntas sobre competencias e usos lingüísticos, e o MSG. A comparanza dos datos procedentes dunha e doutra fonte víase dificultada porque utilizaban criterios diferentes na elaboración dos ítems. Así, por exemplo, mentres que no MSG as preguntas sobre competencias lingüísticas permitían emitir catro

respostas diferentes (moito, bastante, pouco, nada) segundo o grao de competencia percibida en cada unha das destrezas (entender, falar, ler e escribir), o Censo de Poboación e Vivendas só permitía contestar de maneira dicotómica (si/non) a cada unha delas. Algo semellante acontecía coa medida da lingua habitual.

Na elaboración do módulo de lingua da Enquisa de Condicións de Vida das Familias Galegas partiuse da necesidade de homoxeneizar os criterios de medida das variables sociolingüísticas máis relevantes, polo que se empregaron os criterios do MSG na formulación das preguntas.

Por outro lado, a cantidade e riqueza da información de tipo socioeconómico do módulo xeral da Enquisa de Condicións de Vida abría a posibilidade de elaborar unha tipoloxía exhaustiva de falantes baseada nas variables socioestruturais, de xeito que se puideran detectar grupos lingüísticos cunha caracterización sociolóxica similar. Este aspecto facilitaría, por exemplo, analizar a influencia da clase social no comportamento lingüístico dos individuos, aspecto que atopaba importantes limitacións no MSG (as preguntas referidas a este aspecto introducían unha elevada subxectividade).

O deseño mostral foi o seguinte:

Unidade primaria de mostraxe	Sección censual: 394 seccións
Unidade última de mostraxe	Vivenda familiar: 6304 vivendas
Unidade de análise do módulo xeral Enquisa	Vivenda familiar
Unidade de análise no módulo de lingua	Individuo: 18.019 suxeitos
Marxe de erro global da enquisa	± 0,7%
Factor de elevación da enquisa	Axuste de acordo coa distribución poboacional das variables sexo e idade nas distintas seccións censuais

Con respecto á mostra cómpre facer unha serie de aclaracións. Ao ser a unidade de análise básica da Enquisa de Condicións de Vida a vivenda familiar, os 18.019 suxeitos que a conforman pertencen tan só a 6304 vivendas familiares, o que incrementa sensiblemente o erro mostral. Por outro lado, o enquisador do IGE que recollía a información cubría en primeiro lugar as respostas referidas ao módulo xeral, entrevistando a un membro do fogar. Posteriormente deixaba tantos cuestionarios dos módulos específicos como integrantes maiores de 4 anos tivera o fogar. Aínda que se daba a instrución de que, na medida do posible, cada cuestionario fose cuberto pola persoa á que lle correspondera, descoñécese en que medida se acadou este obxectivo, dado que o

enquisador non estaba presente no momento de seren cubertos. Esta é un tipo de enquisa denominada “household drop-off”. Ten certas vantaxes, como que o enquisado non ten que compartir as súas respostas co entrevistador. Porén ten certos inconvenientes, como que se necesita que os enquisados saiban ler e escribir e que non se dispón dun entrevistador que asegure que as preguntas se comprendan completamente (Fowler, 1993).

II. EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA XERAL 1992-2003

A partir de 1990, a situación sociolingüística global da lingua galega e a súa análise de datos macrosociolingüísticos comeza a se constituír no obxectivo de estudo dun conxunto cada vez meirande de investigacións cuantitativas[1].

En primeiro lugar, o Instituto Galego de Estatística (de aquí en diante, IGE) publicou en 1992 os resultados das preguntas sobre o coñecemento e o uso do idioma galego incluídas no censo de poboación e vivendas de 1991 (cfr. IGE 1992). A presentación dos datos realizouse en catro volumes –un por cada provincia– e neles mostrouse a información sobre o coñecemento e uso da lingua galega segundo a idade, estudos en curso e realizados, actividade, ocupación, etc., así como as táboas en que se cruza o coñecemento e uso da lingua galega. Toda esta información está individualizada por provincia e concello. Aínda que os datos se mostran en bruto e só se ofrecen os resultados globais (sen ningún tipo de descrición ou de interpretación), a utilidade deste traballo foi evidente: dispoñemos dunha información sociolingüística relevante para cada concello, cruzada coas variables independentes principais.

En segundo lugar, o mesmo IGE volveu inserir as preguntas lingüísticas pertinentes no censo elaborado en 2001 e deu como resultado unha descrición detallada de tales resultados dez anos despois (cfr. IGE, 2003), aínda que desta vez a información é só consultable no sitio web do mesmo IGE.

En terceiro lugar, o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, baixo a coordinación de Mauro Fernández e de Modesto A. Rodríguez Neira, leva a cabo en 1992 o Mapa Sociolingüístico de Galicia (de aquí en diante, MSG). A diferenza do censo realizado polo IGE,

[1] Unha revisión detallada dos traballos empíricos sobre a situación social do galego publicados ata finais dos anos noventa pode consultarse en Iglesias Álvarez (1999).

tratouse no caso do MSG dunha mostra de máis de 38 mil entrevistas, para as cales se utilizou un cuestionario amplo de 138 preguntas. Os resultados, publicados en tres volumes, supuxeron un punto de inflexión na información cuantitativa dispoñible sobre a distribución dos principais ítems sociolingüísticos vinculados coa lingua inicial, coa competencia, cos usos e coas actitudes lingüísticas en Galicia.

Convén salientar dous traballos que presentaron unha ampliación dos resultados do MSG, nos que se vinculan uso e competencia en galego (cfr. Fernández & Rodríguez Neira, 1998, 1999). E tamén debemos mencionar outros traballos que, utilizando datos do MSG-92, ofrecen unha visión de conxunto da situación sociolingüística do galego (cfr. Rodríguez Neira, 2002; Monteagudo, 2002)[2].

E, en cuarto lugar, dispoñemos tamén nesta etapa de dous estudos especialmente relevantes tendo en conta que nos permitiron comparar diversas situacións sociolingüísticas de España e de Europa: por unha banda, as investigacións realizadas polo Centro de Investigaciones Sociológicas e coordinadas por Miquel Siguan (cfr. CIS, 1994, 1999); e por outra, o traballo levado a cabo por encarga da Comisión Europea e que tiña como título *Informe Euromosaic* (cfr. Nelde, Strubell & Williams, 1996). No primeiro caso estúdanse as linguas cooficiais das comunidades de Cataluña, Valencia, Illas Baleares, Galicia, País Vasco e Navarra, quedando á marxe o asturiano, o aranés e a situación lingüística de Aragón. Esta investigación ten como obxectivo dar a coñecer os cambios resultantes das políticas lingüísticas aplicadas polos gobernos das distintas comunidades con lingua propia, desde a aprobación das súas respectivas leis de normalización lingüística.

Tocante ao *Informe Euromosaic* (Nelde *et al.*, 1996), esta investigación responde á necesidade de reflexionar sobre a nova estruturación económica e política da Unión Europea naquel momento histórico e a súa relación cos grupos lingüísticos minoritarios. Temos información sobre 48 grupos lingüísticos minoritarios de Europa, aínda que nunha primeira fase, que é a que recolle o informe publicado, as enquisas de uso só se aplicaron a oito destes grupos: bretón, catalán en Aragón, galés, gaélico, sorbio, sardo, ladino e galego[3].

---

[2] Outros traballos que utilizan a información do MSG publicados recentemente son os de Bouzada (2005) e Recalde Fernández (2004).

[3] Con todo, no informe publicado só se presentaron as conclusións máis relevantes, dado que por razóns de espazo non puido realizarse unha análise estatística detallada de cada unha das mostras destes oito grupos.

Finalmente, en 2003 o IGE levou a cabo a elaboración da Enquisa sobre as condicións de vida das familias galegas, e nesa edición decidiu incluír un módulo de lingua galega. O deseño da mostra, con máis de 6 mil familias e preto de 20 mil individuos entrevistados, fai doada a comparación dos seus resultados cos que se acadaron no MSG.

A continuación presentaremos unha descrición xeral da situación sociolingüística de Galicia a través da evolución que se pode observar nos datos das dúas investigacións que nos serven de referencia (MSG-92 e ECVF-03). Como xa sinalamos na introdución, as diferenzas metodolóxicas entre estes dous traballos obrigan a considerar con certa cautela a comparación dos resultados. Con todo, o maior interese que suscita poder facer unha comparación global de dous momentos diferentes, separados por un tempo de once anos nun período tan interesante como o que comprenden os anos 1992 e 2003, e, sobre todo, a inexistencia doutras fontes xustifican que se acometa este traballo, malia as reservas consideradas.

LINGUA HABITUAL

A pregunta que inquire sobre a lingua habitual dos entrevistados é idéntica nos dous estudos: ¿En que lingua fala habitualmente? Para facer os resultados facilmente comparables obtivemos unha media da lingua habitual. Esta media conseguiuse aproveitando que o dato co que se manexa a lingua habitual é numérico. Os informantes tiñan que escoller entre catro respostas posibles, que eran as mesmas no MSG e na ECVF:

Só castelán	1
Máis castelán que galego	2
Máis galego que castelán	3
Só galego	4

Con esta escala, os autores do primeiro cuestionario do MSG pretenderon establecer unha escala de medición ordinal para clasificar os falantes segundo un nivel de uso maior ou menor de galego. A xustificación metodolóxica (Seminario de Sociolingüística, 1995, pp. 37-39) é, dende a nosa opinión, válida. En calquera caso, na elaboración do cuestionario do módulo de lingua da ECVF utilizouse o mesmo criterio.

Observamos que a media de lingua habitual segue a ser favorable ao galego, situándose por encima do punto medio da escala (2,5) ata chegar ao 2,89[4]. Na comparación, vemos que neste

período de once anos se perde case unha décima. Os resultados indican, xa que logo, unha diminución xeral no uso do galego, pese a que o galego segue sendo a lingua máis utilizada en Galicia.



Figura 1. *Media de lingua habitual 1992-2003*

Se facemos unha comparativa utilizando os datos de frecuencias, é dicir, as porcentaxes de falantes que se situaron nunha ou noutra parte da escala de 4 puntos que vimos, observaremos que se produce un aumento significativo dos usos monolingües. De feito, un dos resultados máis destacables do MSG fora a constatación da alta incidencia do bilingüismo en Galicia. Neste período observamos que a tendencia é inversa (quizás incluso máis acusada do previsible, o que nos fai pensar que a tendencia existe, malia que é posible que as diferenzas metodolóxicas que xa citamos e que obrigan a afrontar con prudencia calquera resultado comparado esaxeren os contrastes). Podemos ver que o grupo que crece proporcionalmente máis é o dos monolingües en castelán, que deixa de ser o grupo minoritario, pasa do 10,6% dos falantes en 1992 ao 18,5% en 2003. Crece tamén o grupo dos monolingües en galego, en menor medida, tanto en termos relativos como absolutos. Os falantes monolingües en galego seguen conformando o grupo máis numeroso e aumenta espectacularmente a distancia cos outros grupos. Porén, débese entender como o dato

[4] Para obter este dato e que resultase comparable, eliminároнse da mostra da ECVF os suxeitos con menos de 16 anos, xa que o MSG non inclúe os individuos desta franxa de idade. Tamén se eliminaron da análise aqueles suxeitos que seleccionaban "outras" como lingua habitual, xa que distorsionaría os resultados por ser un estatístico de tendencia central.

máis negativo para o galego a forte baixada dos bilingües con predominancia do galego (29,9%-19%), o que xustifica esa perda global de falantes de galego.



Figura 2. *Porcentaxes segundo lingua habitual 1992-2003*

LINGUA HABITUAL SEGUNDO A IDADE

O MSG constataba en diferentes análises a diminución constante no uso do galego segundo a idade. Os resultados que se presentaban naquel traballo baixo os títulos de "lingua habitual dos entrevistados segundo a idade", "lingua habitual en tres xeracións en Galicia" e "uso do galego dos ascendentes dos entrevistados segundo a idade (só galego / máis galego)" indicaban unha tendencia negativa no uso do galego conforme decrecía a idade do entrevistado. *Grosso modo* poderiamos dicir que dende os avós dos entrevistados de máis de 65 anos aos entrevistados de 16 a 25 houbo un descenso constante e proporcionado no uso do galego.

Se comparamos as medias de uso nas dúas enquisas (figura 3) advertimos a mesma tendencia de diminución do galego como lingua habitual a medida que diminúe a idade dos falantes. Ademais, vemos que as medias son sensiblemente máis baixas nos mesmos cortes de idade, co que se confirmaría a tendencia descrita polo MSG, é dicir, once anos despois, os individuos delimitados

nos diferentes tramos de idade falan menos galego ca os das súas xeracións homólogas. Tamén, debemos salientar que nos grupos de menor idade as medias chegan por primeira vez a situarse por debaixo do punto medio da escala (2,5). Deste xeito, podemos dicir que estamos ante unha novidade: unha xeración de galegos para os que o castelán é lingua maioritaria.

En contraste co visto, se observamos o debuxo da liña superior da figura 3, veremos que tende a cero (no caso concreto desta escala, a 1) e que o descenso da media é practicamente proporcional e constante en todos os tramos de idade (no MSG non existen datos dos menores de 16 anos). Pola contra, a liña inferior, que é a que se corresponde cos datos de 2003, observamos que tende a estabilizarse, ou sexa, o uso do galego descende cada vez con menos intensidade, ou dito doutro modo, parece que a perda de falantes de galego tende a se deter. Este dato resulta de especial relevancia porque aínda que non significa que esteamos perante un proceso de recuperación do uso do galego, si estamos observando como nos últimos dez anos, e entre a poboación máis nova, cada vez son menos os que abandonan o uso do galego.

Na análise por porcentaxes (figura 4), pódese advertir unha diminución de persoas monolingües en galego a medida que diminúe a idade. En relación coa recuperación observada na análise de medias, vemos como esta diminución tende a estabilizarse do mesmo xeito e que incluso se recupera no último tramo (menos de 16). Se ben o crecemento de monolingües en galego é só do



Figura 3. *Media de uso do galego nos diferentes tramos de idade segundo o IGE e o MSG*

1%, dada a pequena marxe de erro desta enquisa (0,7%) podemos afirmar que por primeira vez, desde que se teñen datos sociolingüísticos, hai unha xeración onde a incidencia do monolingüismo en galego é maior ca na anterior. Pola contra, observamos que en consonancia coa tendencia xeral ao monolingüismo, existe unha aceleración no crecemento do monolingüismo en castelán, que entre os máis novos alcanza o 33,1%. Os usos bilingües con predominancia do galego decrecen dende a xeración que se atopa entre os 46 e os 55. En contraste, os usos bilingües con predominancia do castelán crecen en todos os tramos de idade, agás no último, onde observamos unha caída importante, quizás en relación con esa pequena recuperación dos monolingües en galego.



Figura 4. *Porcentaxe de uso do galego nos diferentes tramos de idade*

Lingua habitual segundo sexo

Na figura 5, podemos observar a comparación entre os datos da ECVF e do MSG segundo o sexo dos entrevistados. Confrontando as frecuencias das dúas fontes, observamos uns usos similares nos dous sexos, pese a que hai unha maior incidencia de monolingües en castelán entre as mulleres. A proporción é máis significativa en 1992 ca en 2003, pese a que as diferenzas porcentuais son similares. Tamén observamos que son menos mulleres as que se declaran bilingües con predominio do galego. Na evolución, ademais de corroborar a tendencia xeral ao

monolingüismo, observamos como non muda a situación nas distribucións coa excepción da categoría de "só galego", que crece máis no caso dos homes. As mulleres teñen uns usos lixeiramente máis favorables ao castelán, pero as diferenzas parecen non mudar no intervalo que estamos comparando.



Figura 5. *Diferenzas por sexo nas matrices do MSG e da ECVF*

LINGUA HABITUAL POR HÁBITAT

Son numerosos os traballos que constatan unha diferenza nos usos entre as poboacións máis pequenas e as cidades (Foessa, 1970; Ayestarán Aranaz, De la Cueva, 1974; IGE, 1991, 2001; Seminario de Sociolingüística, 1994; Nelde, Williams & Strubell, 1996). Así, está demostrado que o galego ten máis presenza no rural e menos nas cidades. Na figura 6 comparamos as medias de uso nos tres tramos das dúas fontes. Observamos unha lixeira subida do uso do galego no rural e nas vilas, e un pequeno descenso nas cidades.

Polo interese que suscita o hábitat urbano e polo rol que pode xogar na evolución do galego, mostramos na figura 7 unha distribución de frecuencias das catro respostas posibles nas poboacións de máis de 50.000 habitantes. Pódese constatar un aumento proporcional moi importante dos monolingües en galego comparado co dato xeral. Os entrevistados que manifestan falar "só galego"



Figura 6. *Medias de uso por tamaño do hábitat*

nas cidades pasan de 1992 a 2003 dun 9,1% a un 15,2%, o que supón un incremento dun 67,03%, fronte ao 10,75% que crece a poboación de monolingües en galego en toda a comunidade. Tamén temos que destacar que o grupo que crece máis en termos absolutos é o dos monolingües en castelán, pero se facemos a análise proporcional observamos que nas cidades este grupo crece moito menos do que o fai no conxunto da poboación. Así, o incremento que vemos no último par de columnas da figura 7 é de 10,3 puntos porcentuais, o que supón un aumento do 50%, aproximadamente, mentres que no total da poboación (figura 2) o aumento proporcional de monolingües en castelán é superior ao 85%. Podemos afirmar que a cidade, pese a ser o hábitat máis desgaleguizado e o que máis se castelanizou no período que vimos analizando, foi o que experimentou o maior incremento de monolingües en galego e onde os monolingües en castelán creceron menos.



Figura 7. *Frecuencias de lingua habitual en núcleos maiores de 50.000 habitantes*

USOS NA FAMILIA

Os datos sobre os usos lingüísticos do entrevistado na súa rede máis próxima son unha mostra das interaccións do entrevistado no seu contorno persoal.



Figura 8. *Comparativa MSG/ECVF ¿En que lingua falas cos...? Resultados con medias*

Como resulta esperable, os usos na familia tenden a castelanizarse no período que separa a recollida de datos destas dúas enquisas. Cómpre destacar, nun dato que puidera estar relacionado con esa desaceleración de tendencias negativas para o galego na mocidade que vimos constatando, que a media que baixa menos é a lingua cos fillos (7 centésimas). Isto parece indicar que o efecto castelanizante da transmisión primaria non vai xa en aumento.

Analizando a lingua na familia por idades atopamos un descenso en todos os usos.



	Máis de 65	De 56 a 65	De 46 a 55	De 36 a 45	De 26 a 35	De 16 a 25	Menos 16
Lingua fillos	3,3	3	2,79	2,59	2,46	2,41	
Lingua parella	3,46	3,25	3	2,69	2,35	2,24	
Lingua irmáns	3,54	3,34	3,14	2,8	2,48	2,39	2,29
Lingua pais	3,58	3,4	3,23	2,93	2,65	2,57	2,4
Lingua avós	3,67	3,51	3,37	3,08	2,86	2,83	2,52

Figura 9. *¿En que lingua falas cos...? Resultados por idades*

Este descenso tende a estabilizarse na lingua cos avós, excepto no tramo de idade dos menores de 16 anos. Tamén observamos que tende a frear o seu descenso, como dixemos, a lingua cos fillos e posiblemente tamén, aínda que menos, a lingua cos pais e os irmáns. Por outra banda, na lingua coa parella a tendencia castelanizadora é moi forte. De feito, se vemos o tramo de idade dos rapaces de 16 a 25 anos atopamos unha suba significativa dos usos monolingües en castelán na parella. Vemos, así, que dun 26,1% dos individuos situados nese tramo de idade que falan habitualmente só castelán chegamos a un 44,2% que usa esa mesma lingua cando falan coa súa parella. Os datos da lingua coa parella coinciden cos resultados atopados noutros estudos de orientación cualitativa onde se falaba dos efectos castelanizadores de determinados escenarios (Seminario de Sociolingüística, 2003).

USOS NA VIDA COTIÁ

A figura 10 presenta unha comparación entre os datos do MSG e dos IGE nos usos na vida cotiá. Os resultados, seguindo a tendencia descrita, amosan un descenso no uso do galego. Cabe sinalar que as variables, nalgún caso, non son idénticas. No MSG, a cuestión da lingua empregada coa administración estaba sondada por dous ítems diferentes: "lingua no concello" e "lingua en Xunta", mentres que na enquisa do IGE era unha pregunta xenérica inquirindo sobre a lingua en que o entrevistado se dirixía á administración. Este é o mesmo caso que a variable "lingua co médico", no MSG subdividíase en dúas: "lingua co médico de cabeceira" e "lingua co especialista". Esta circunstancia obríganos a tomar con cautela a suba na media da lingua co médico nos datos da ECVF, xa que os enquisados poden entender que a pregunta se refire á lingua co médico de cabeceira.

As oscilacións das medias segundo ámbitos específicos de interacción, neste caso os usos na vida cotiá, son escasas se as comparamos coa media de lingua habitual. Esta circunstancia lévanos a hipotetizar sobre unha tendencia cara a uns usos monolingües da poboación galega confirmando os resultados de lingua habitual que viamos anteriormente.



Figura 10. *¿En que lingua falas co...? Resultados con medias*



	Máis de 65	De 56 a 65	De 46 a 55	De 36 a 45	De 26 a 35	De 16 a 25	Menos 16
Lingua co médico	3,07	2,83	2,64	2,45	2,26	2,24	
Lingua banco	3,14	2,93	2,77	2,57	2,33	2,34	
Lingua administración	3,12	2,95	2,86	2,71	2,42	2,42	
Lingua comerciantes	3,25	3,02	2,84	2,63	2,41	2,32	2,23
Lingua amigos	3,41	3,24	3,01	2,8	2,49	2,38	2,24

Figura 11. *Comparación da lingua habitual e os usos na vida cotiá*

Analizando estes mesmos usos na vida cotiá por tramos de idade atopamos uns resultados singulares suxeridos anteriormente. A partir do tramos de 26 a 35 anos a tendencia a usos cada vez máis castelanizados estáncase, e mesmo nalgún caso invértese, corroborando algo que xa comprobamos: o descenso no uso do galego parece tocar fondo, aínda que habería que esperar a datos dos próximos anos para confirmar ou desmentir esta interpretación.

Na seguinte figura comparamos os usos na vida cotiá coa variable de lingua habitual por tramos de idade. Vese o cambio de tendencia (ou máis precisamente, estabilización) que apuntabamos e, por outra banda, o fenómeno do aumento dos usos monolingües. Se observamos a gráfica advertimos que as distancias entre a media de lingua habitual e as medias no resto de variables é cada vez menor nos tramos de idade máis novos, ao tempo que constatamos a desaceleración en que vimos insistindo.

Un eido específico ao que habería que prestarlle atención, probablemente a través de estudos específicos, é a lingua cos comerciantes, única variable onde non se percibe este cambio de tendencia e onde os usos son cada máis castelanizados.



	Máis de 65	De 56 a 65	De 46 a 55	De 36 a 45	De 26 a 35	De 16 a 25	Menos 16
Lingua co médico	3,07	2,83	2,64	2,45	2,26	2,24	
Lingua co banco	3,14	2,93	2,77	2,57	2,33	2,34	
Lingua coa administración	3,12	2,95	2,86	2,71	2,42	2,42	
Lingua cos comerciantes	3,25	3,02	2,84	2,63	2,41	2,32	2,23
Lingua habitual	3,37	3,17	2,98	2,74	2,53	2,45	2,37

Figura 12. *Comparación da lingua habitual e os usos na vida cotiá*

LINGUA INICIAL

Actualmente, a lingua en que maioritariamente aprenderon a falar os enquisados é o galego (53,7%), seguida do castelán (28,8%). Non obstante, se comparamos os datos do IGE cos datos do MSG atopamos unha considerable diminución de persoas que aprenderon a falar en galego. Cómpre destacar que malia este descenso evidente nun período relativamente curto (11 anos), o galego segue sendo a lingua inicial de máis da metade da poboación.



Figura 13. *Lingua inicial no MSG e na ECVF*

Por outra banda, e en disonancia cos datos de uso que describimos nos apartados anteriores, observamos unha tendencia ao aumento dos bilingües iniciais, que é a categoría que máis crece.

Lingua inicial e idade

O MSG (Seminario de Sociolingüística, 1994) constatara en dúas análises distintas (pp. 40-41) o crecemento do número de bilingües iniciais a medida que baixaba a idade e o descenso de individuos iniciados en galego acompañado dun aumento dos que tiveron o castelán como primeira lingua. Maioritariamente, a lingua inicial dos galegos é o galego. Non obstante, cando chegamos ás persoas de 26 a 35 anos prodúcese un cambio nesa tendencia, pasando o castelán a ser lingua maioritaria. Tamén se dá un aumento gradual e constante dos bilingües iniciais, salvo no último tramo de idade, onde observamos un recorte pronunciado, en conformidade co aumento dos que teñen o castelán como lingua inicial.



Figura 14. *¿En que lingua aprendeu a falar? Resultados comparados por idade*

En consonancia cos datos que analizamos sobre usos (cfr. figura 3), observamos no último tramo desta gráfica unha desaceleración da súa tendencia negativa. A situación sería, por tanto, similar: o descenso dos falantes iniciais de galego dende os entrevistados de máis de 65 ata os que se atopan entre os 26 e os 35 traza unha liña recta con descensos porcentuais case idénticos entre

xeración e xeración, e despois dunha tendencia perfectamente proporcionada observamos unha tendencia á estabilización con retrocesos cada vez máis pequenos. Deste dato podemos concluír que cada vez se perden menos falantes iniciais de galego e que a tendencia vai na dirección de que non se perdan máis.

Lingua inicial segundo hábitat de residencia

Nesta análise tamén podemos corroborar a relación, en termos xerais, entre lingua inicial e hábitat. Os habitantes das poboacións pequenas aprenden maioritariamente a falar en galego (70%) e os das cidades, en castelán (51,5%). Nos concellos intermedios advertimos que o grupo máis numeroso confórmano os que aprenderon a falar en galego, seguido dos que o fixeron en castelán. A incidencia de bilingües iniciais é tamén maior neste hábitat.



Figura 15. *¿En que lingua aprendeu a falar? Resultados por hábitat*

Competencias lingüísticas

O breve módulo que conforman as preguntas sobre competencias lingüísticas elaborado para a ECVF é moi parecido ao que había no MSG. As categorías de resposta eran, como no caso dos usos, catro e introducían catro adverbios (moito, pouco, algo, nada) que axudarían ao suxeito a precisar o nivel de competencia que declaraba.



Figura 16. *Porcentaxes das persoas que valoran a súa competencia en galego como boa ou moi boa nas catro destrezas*

Vemos como existe un aumento en todas as destrezas, sobre todo nas que o percorrido é maior. Destaca especialmente o crecemento das competencias lectoescritoras, que nun período relativamente curto coma este non pode explicarse soamente pola incorporación de novos individuos á mostra, escolarizados nun sistema onde a adquisición do galego está regrada, senón tamén polo aumento xeneralizado da competencia en todos os tramos de idade. Os individuos que declaran escribir "ben" ou "moi ben" en galego case dobran o seu número, e chegan a un nivel aceptable (case a metade da poboación). En canto á lectura, cómpre destacar que o dato é aínda máis rechamante, porque en once anos a porcentaxe de individuos que declaran falar ben ou moi ben e os que len coa mesma facilidade iguálase, incluíndo a gran maioría da poboación (85,6%).



Figura 17. *Medias de competencia percibida por tramos de idade*

Na figura 17 vemos como a lectura aumenta a súa puntuación de forma constante en todos os tramos, agás no último por razóns obvias (os entrevistados máis novos teñen 5 anos de idade). Dentro deste marco indubidablemente positivo para o galego, cómpre destacar algo preocupante: nos tramos de idade de 26 a 40 anos e de 16 a 25, os suxeitos declaran ter unha maior competencia para ler que para falar, o que pode significar que existe unha preferencia no sistema educativo galego polo cultivo das competencias pasivas.

Lingua na escrita

Como podemos comprobar no gráfico que acompaña esta sección, a maioría dos entrevistados escribe habitualmente en castelán (82,3% da poboación).



Figura 18. *Lingua na escrita en Galicia. Datos da ECVF*

Tratando de afondar un pouco máis nos hábitos da escrita, analizámola conxuntamente coa lingua habitual. Os resultados vémolos na figura 19. Como se advirte, a lingua principal da escrita, independentemente da lingua da oralidade, é o castelán. As persoas que falan habitualmente en galego seguen expresándose na escrita maioritariamente en castelán. Con todo, cabe destacar a porcentaxe importante de xente que escribe en galego, 23,2% no caso dos que só falan galego habitualmente. Poderíase pensar que isto é un efecto temporal que se irá corrixindo, sobre todo se temos en conta os resultados da competencia percibida na escrita, que aumentaron significativamente desde que se inseriu o galego na escola. De feito, analizando a poboación por tramos de idade atopamos que entre os maiores de 65 anos soamente un 6,6% escribe en galego fronte un 83,7% que o fai en castelán, mentres que nos menores de 16 anos un 27,3% escribe en galego fronte un 66,2% que o fai en castelán. A tendencia ao aumento do uso do galego na escrita é clara.



Figura 19. *Lingua na escrita segundo lingua habitual*

III. O GALEGO NA ESCOLA

A situación sociolingüística do ensino universitario e non universitario foi obxecto de traballos xerais e parciais desde os anos setenta. A introdución da lingua galega nas escolas, coa aprobación en 1979 do Decreto de bilingüismo que legalizaba a incorporación do galego como materia obrigatoria, e a posterior aprobación da Lei de Normalización Lingüística (LNL) no Parlamento de Galicia en 1983 produciron un cambio substancial na vitalidade e na visibilidade escolar da lingua galega. Ademais, a LNL establecía no Título III o obxectivo de que o alumnado, ao final dos ciclos do ensino obrigatorio, coñecese o galego, nos seus niveis orais e escritos, en igualdade de condicións ca o castelán. Posteriormente, o Decreto 247 de 1995 estableceu o marco legal de referencia que regula dun xeito específico a presenza do galego no ensino non universitario.

Coa finalidade de dispoñer de información contrastada sobre a evolución dos principais indicadores sociolingüísticos, nas últimas décadas realizáronse diversas investigacións sobre a competencia, usos e actitudes lingüísticas nos diferentes actores sociais escolares no ámbito do ensino non universitario –familias, alumnado e profesorado. Entre eles podemos salientar as investigacións de Rojo (1979), Rodríguez Neira e Rubal Rodríguez (1987), Rubal Rodríguez (1992), Seminario de Sociolingüística da RAG (1995) e Monteagudo e Bouzada (2002).

A Xunta de Galicia publicou a principios da década dos noventa un traballo sobre a situación da lingua galega nos ciclos da educación xeral básica e da educación primaria (cfr. Rubal, 1992). Tal traballo, resultado dunha investigación elaborada por un equipo do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela, tiña como finalidade comprobar se o obxectivo central referido ao ensino da LNL –onde se especifica que o sistema educativo debe garantir a adquisición por parte do alumnado dunha competencia semellante nas dúas linguas oficiais– se estaba ou non a cumprir.

Durante o curso académico 1997-1998, a Dirección Xeral de Política Lingüística levou a cabo un estudo estatístico sobre o uso da lingua galega en todos os centros de ensino non universitario de Galicia, tanto no ámbito administrativo coma no docente. Foi unha investigación exhaustiva, con información de todos os centros públicos e privados de Galicia, e que permitiu obter datos sobre a totalidade dos centros escolares e tamén sobre cada unha das aulas existentes neles (cfr. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1998)[5].

No tocante ao caso específico da situación escolar do galego nas zonas galegófonas de fóra de Galicia –o denominado ‘galego exterior’, correspondente a aquelas zonas das provincias de Asturias, León, Zamora e Cáceres onde se fala galego–, dispoñemos dos resultados do estudo publicado polo Consello da Cultura Galega a principios dos anos noventa (cfr. Rubal, Veiga Martínez e Arza, 1992).

A investigación sobre o proceso de normalización da lingua galega no sector educativo (cfr. Bouzada, Fernández Paz e Lorenzo, 2002) ten como universo a educación infantil e primaria. Os obxectivos deste traballo foron a consecución dun diagnóstico rigoroso sobre a situación actual do galego nos centros de ensino e nas transmisións educativas, a análise das tendencias sociolingüísticas máis relevantes que contextualizaron as prácticas lingüísticas escolares no período 1980-2000, e, finalmente, a análise das ideoloxías e opinións dos sectores que forman a comunidade escolar ante o proceso de normalización lingüística.

Con respecto ao ensino universitario, leváronse a cabo dúas investigacións nas universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, respectivamente. No primeiro caso, o estudo *O idioma na*

[5] A difusión dos resultados deste traballo foi moi escasa, dado que nin sequera chegou a ser editado en forma de libro. Debemos supoñer, xa que logo, que a explotación destes datos quedou exclusivamente nas mans do departamento da Xunta que o realizou.

Universidade de Santiago de Compostela (cfr. Rodríguez Neira, 1998) baseouse nunha enquisa realizada no curso 1995-1996 nos tres colectivos universitarios: estudantes, profesorado e persoal de administración e servizos[6].

No segundo caso, un equipo interdisciplinar levou a cabo en 1995 o *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo* (cfr. Lorenzo Suárez *et al*., 1997). O procedemento de análise tamén se baseou nunha enquisa ao profesorado, PAS e alumnado para coñecer cal era a situación sociolingüística da lingua galega.

ESCOLARIZACIÓN EN GALEGO

O dato principal, aínda que obvio se temos en conta as circunstancias históricas que acabamos de comentar, é que a gran maioría da poboación galega non recibiu ensino regrado de galego.



Figura 20. *Respostas á pregunta ¿Aprendeu galego na escola?*

Se analizamos a mesma variable por tramos de idade, observamos unha evolución positiva moi acentuada, que tende, como é lóxico, a frear a súa aceleración a partir do tramo 26-35 anos, que é o que coincide co inicio das clases de galego no ensino non universitario.

[6] Os datos recollidos neste traballo serviron posteriormente para o deseño dunha parte importante do plan de normalización (cfr. http://www.usc.es/~snlus/pnl.htm), que foi aprobado finalmente polo Claustro da USC en outubro de 2002.



Figura 21. *Porcentaxes de individuos que recibiron ensino regrado de galego. Resultados por idades*

COMPETENCIAS E ENSINO

Se cruzamos as competencias orais e de lectura coa variable anterior, observamos tres fenómenos salientables. En primeiro lugar, vemos que a escolarización inflúe positivamente na competencia lectora, outorgando os individuos escolarizados en galego a si mesmos unha puntuación maior nesta habilidade (lembremos que as competencias que aparecen neste estudo son autoavaliadas). En relación con isto, temos que destacar a elevada competencia lectora que amosan aqueles individuos que non foron escolarizados en galego (3,22). Isto dalgún xeito corrobora esa tendencia positiva xeral das competencias lingüísticas no período 1992-2003, especificamente da capacidade para ler, como constatamos con anterioridade.



Figura 22. *Competencias segundo a escolarización en galego*

Por último, e malia que as diferenzas son pequenas (pero significativas), observamos unha competencia oral maior nos individuos non escolarizados en galego que entre aqueles que tiveron o galego como materia obrigatoria, o que puidera indicar que o sistema presta maior atención ás competencias escritas ca ás orais, aspecto recollido con anterioridade en Silva Valdivia (2003).

LINGUA DAS CLASES E DOS EXAMES

As variables "lingua das clases" e "lingua dos exames" incluíronse no cuestionario do IGE porque son ítems utilizados habitualmente cando se pretende detectar o clima lingüístico no ensino. Fíxose unha análise destas variables na poboación xeral, detectando unha influencia, por outra parte esperable, da variable "idade". Seleccionamos o tramo de idade de menos 16 anos para ter un punto de contraste entre a poboación xeral e os individuos escolarizados no momento da enquisa, e atopamos unhas diferenzas importantes. Como observamos nas dúas gráficas comparativas, a introdución da lingua galega nos centros escolares sufriu unha evolución importantísima. O dato máis espectacular é a caída das clases monolingües en castelán, pásase do 57,8% das clases recibidas pola poboación xeral ao 9,6% das que recibiu a poboación que estaba escolarizada no momento en que se fixo a enquisa (2003). Con todo, existe unha diferenza entre as dúas variables que usamos para describir o clima lingüístico das aulas, observado que hai unha galeguización significativamente menor dos exames que realizan os alumnos do ensino non universitario que da lingua que usan nas clases.



Figura 23. *Lingua das clases e lingua dos exames no total de Galicia (esquerda) e nos menores de 16 anos (dereita)*

Atendendo a isto último, se facemos unha análise comparativa entre a lingua dos exames e a lingua das clases, vemos a progresiva galeguización da escola, chegando o último tramo de idade (menor de 16 anos) a unha media de 2,5 (punto medio). A media da lingua dos exames é menor, coincidindo cos datos da escrita que observamos no capítulo anterior, pero segue a tendencia a aumentar a medida que aumenta a lingua das clases.



Figura 24. *Comparación entre a lingua das clases e a lingua dos exames. Resultados con medias*

Outra relación que resulta interesante é a da lingua inicial e lingua das clases, xa que o marco legal, e concretamente o Decreto de 1995, establece que: "na etapa de educación infantil e no primeiro ciclo de primaria, os profesores e profesoras usarán na clase a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, terán en conta a lingua ambiental e coidarán que adquiran de forma oral e escrita a outra lingua oficial, dentro dos límites propios da etapa ou ciclo". Isto tería que indicar que as variables lingua habitual e lingua inicial deberían estar fortemente relacionadas.

Seleccionando o tramo de idade dos menores de 16 anos e cruzando a súa lingua habitual coa lingua das clases e a lingua dos exames, os resultados confirman, en certa medida, a adaptabilidade dos profesores á lingua do contexto onde exercen a súa docencia.



Figura 25. *Lingua das clases e lingua dos exames segundo a lingua habitual dos galegos menores de 16 anos*

INFLUENCIA DO ENSINO NO CAMBIO DE LINGUA HABITUAL

Analizamos illadamente os casos que cambiaron de lingua e mencionaban que o cambio era debido ao ensino. Se escollemos as persoas que cambian de lingua e mencionan que a escola influíu no cambio, observamos na táboa que a distribución segue unha curva normal (as frecuencias son 8, 30, 31, 8). É dicir, a dirección do cambio distribúese por igual cara ao castelán que cara ao galego. Con todo, a correlación é moi baixa, polo que sacar conclusións categóricas non sería prudente.

Dirección do cambio

		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válida	Porcentaxe acumulada
Válidos	Cara a falar só galego	8	9,8	9,8	9,8
	Cara a falar máis galego ca castelán	30	36,6	36,6	46,3
	Cara a falar máis castelán ca galego	31	37,8	37,8	84,1
	Cara a falar só castelán	8	9,8	9,8	93,9
	Outro caso	5	6,1	6,1	100,0
	Total	82	100,0	100,0	

Táboa 1. *Dirección do cambio de lingua habitual*

EVOLUCIÓN DOS USOS NA ESCOLA (1992-2003)

Como vimos, os resultados medios de usos na escola reflicten un ensino aínda moi castelanizado, que apenas correlaciona cos usos dos suxeitos noutros eidos da vida. Porén observamos que, evolutivamente, é un ámbito en que o galego se ve favorecido. Así, a lingua co profesorado e a lingua en que escribe o alumnado na escola eleva a súa media con respecto do MSG.



Figura 26. *¿En que lingua falas/bas cos...? Resultados con medias*

Para ilustrar mellor este feito, analizamos os usos lingüísticos na escola. Constamos un continuado aumento do uso do galego a medida que descende a idade en todas as comunicacións salvo na dirixida aos compañeiros, que pese a todo frea o descenso e tende a equilibrarse.



	Máis de 65	De 41 a 65	De 26 a 40	De 16 a 25	Menos de 16
Lingua na clase	1,44	1,29	1,56	2,1	2,48
Lingua dos exames	1,2	1,17	1,39	1,9	2,29
Lingua escrita escola	1,23	1,17	1,36	1,87	2,26
Lingua profesores	2,05	1,71	1,82	2,2	2,29
Lingua compañeiros	3,3	2,92	2,39	2,31	2,22

Figura 27. *Medias de usos na escola*

Utilizamos dúas variables ilustrativas da situación sociolingüística do ensino, a lingua da clase e a lingua do profesorado, e comparámolas coa lingua habitual dos entrevistados, advertindo dúas tendencias contrapostas. Pese ao descenso paulatino da lingua habitual, a media de uso da lingua da escola crece dende o corte de idade dos individuos que teñen entre 41 e 65 anos.



Figura 28. *Lingua habitual, na clase e co profesorado*

Resulta aínda máis interesante constatar a situación do último tramo de idade, onde case coinciden as tres medias, feito que podería interpretarse como unha situación de certa normalidade onde a distribución de usos tende a igualarse dentro e fóra da aulas.

INFLUENCIA DA LINGUA DAS CLASES NA COMPETENCIA PERCIBIDA

Se reflexionamos sobre a relación entre a lingua vehicular no ensino e a competencia do alumno, esperamos que a lingua habitual teña unha influencia fundamental nas competencias. Por isto, coidamos que non podemos facer unha análise que cruce directamente "lingua nas clases" con competencias en galego, xa que teriamos unha variable distorsionando os resultados. Seleccionamos aquelas persoas que falan habitualmente "só castelán" ou "máis castelán" e cruzamos "lingua nas clases" con "competencias percibidas en galego".



Figura 29. *Competencias lingüísticas segundo a lingua das clases*

Observamos que os estudantes que recibiron as clases exclusivamente en castelán teñen peores competencias para ler e falar galego, malia que a comprensión oral estea en todos os casos en niveis similares.

IV. O GALEGO NO ÁMBITO LABORAL

A situación sociolingüística da lingua galega nos ámbitos laborais e, en xeral, nos sectores comerciais, económicos e empresariais non foi, ata agora, obxecto dun estudo monográfico en profundidade. Dispomos de datos e reflexións recollidos en diversos traballos publicados nos últimos anos; por exemplo, os traballos de Formoso (2000, 2004) sobre a situación sociolingüística na empresa galega ou sobre as actitudes do empresariado ante a cuestión lingüística; os de Bouzada (1993), Bouzada & Lorenzo (1990, 1992, 1997) ou Lorenzo (1993).

Pola súa banda, Ramallo & Rei-Doval (1997) analizan a reacción do público ante o posible aumento do uso do galego nas empresas e comercios e, complementariamente, recóllese a opinión dos comerciantes e empresarios, que serían os encargados de levar a cabo tal aumento de uso do galego.

Incluíanse no MSG un conxunto de preguntas que tiñan como obxectivo afondar no coñecemento sobre a situación do galego nos ámbitos laborais. No cuestionario incluíanse unha serie de ítems específicos, maiormente centrados nos usos lingüísticos no traballo, ademais de información laboral do entrevistado/a.

O cuestionario da ECVF inclúe unha información moi detallada sobre as ocupacións dos entrevistados/as, polo que decidimos resumila de cara a mostrar os resultados principais nas análises que veremos a continuación. A variable que utilizamos foi a da ocupación no traballo principal, onde só aparecen reflectidos os suxeitos que estaban ocupados no momento da enquisa.

En primeiro lugar, decidimos levar a cabo unha redución das 66 categorías profesionais que proporcionaba o IGE a 24. Tentouse elaborar unha tipoloxía profesional ampla pero, ao mesmo tempo, operativa e baseada na necesidade de delimitar sectores profesionais estratéxicos:

0. Forzas armadas
1. Dirección da administración pública
2. Dirección de empresas de 10 ou máis asalariados
3. Dirección de empresas de menos de 10 asalariados
4. Xerencia de empresas de comercio
5. Xerencia de empresas de hostalaría
6. Profesións asociadas ás cc. físicas, matemáticas, etc.
7. Profesións asociadas á sanidade
8. Docentes
9. Profesionais do dereito
10. Profesionais na organización de empresas
11. Escritores, artistas
12. Diplomados noutros sectores
13. Profesionais de apoio (finanzas e administración...)
14. Profesionais de tipo administrativo
15. Traballadores da hostalaría
16. Traballadores da protección e a seguridade
17. Dependentes de comercio
18. Traballadores da agricultura, minaría e pesca
19. Traballadores da construción
20. Traballadores da metalurxia, artes gráficas, artesáns
21. Traballadores da industria da alimentación, téxtil, calzado, madeira
22. Transportistas
23. Traballadores non cualificados nos servizos

En segundo lugar, decidimos elaborar unha tipoloxía de profesións segundo o valor da media da lingua habitual (o valor da media no conxunto de Galicia entre as persoas en idade de traballar é de 2,89). Establecéronse 5 puntos de corte para os valores desta variable, asociándose a cada un deles as seguintes profesións:

Media da lingua habitual inferior a 2
Forzas armadas (1,70)
Profesionais do dereito (1,75)
Media da lingua habitual 2 – 2,50
Profesionais de apoio (2,09)
Profesións asociadas ás ciencias físicas, matemáticas, etc. (2,11)
Diplomados outros (2,16)
Profesionais na organización de empresas, ciencias sociais (2,22)
Profesións asociadas á sanidade (2,23)
Profesionais de tipo administrativo (2,24)
Docentes (2,36)
Escritores, artistas (2,36)
Dependentes de comercio (2,39)
Dirección de empresas con 10 ou máis asalariados (2,50)
Media da lingua habitual 2,51 – 3
Traballadores da protección e seguridade (2,69)
Traballadores da hostalaría (2,71)
Xerencia de empresas do comercio (2,72)
Dirección das administracións públicas (2,75)
Traballadores non cualificados nos servizos (2,82)
Traballadores da metalurxia (2,84)
Dirección de empresas con menos de 10 asalariados (2,90)
Transportistas (2,98)
Media da lingua habitual 3,01 – 3,50
Xerencia de empresas de hostalaría (3,09)
Traballadores da industria da alimentación, téxtil, calzado (3,16)
Traballadores da construción (3,23)
Media da lingua habitual 3,51 – 4
Traballadores da agricultura, minaría e pesca (3,75)

LINGUA HABITUAL DOS TRABALLADORES GALEGOS

A continuación veremos os valores da lingua habitual dos traballadores galegos, ademais do comportamento das variables "lingua cos compañeiros do traballo", "lingua cos empregados", "lingua cos superiores" e "lingua cos clientes" nos sectores profesionais máis significativos.

MEDIA DA LINGUA HABITUAL INFERIOR A 2

Constatamos un efecto castelanizador no ámbito militar, xa que o valor das medias é inferior en todos os ámbitos de interacción ao da lingua habitual. Tamén observamos que no sector dos profesionais do dereito, tamén moi castelanizado, hai, no entanto, un maior uso do galego ao interaccionar cos clientes, subindo a media a 1,82.



Figura 30. *Usos lingüísticos no traballo dos sectores cunha media de lingua habitual inferior a 2*

MEDIA DA LINGUA HABITUAL 2 – 2,50

O contorno profesional do empresariado tende a frear o emprego do galego neste colectivo. Excepto ao dirixírense aos subordinados, empregan menos o galego no traballo do que o fan habitualmente.

Entre os profesionais sanitarios, de xeito semellante ao que acontecía cos do dereito, incorpórase en certa medida o galego ao falaren cos clientes.

O ámbito laboral favorece, aínda que de xeito case imperceptible, o uso do galego entre os docentes, probablemente en relación co aumento da presenza do galego no eido do ensino en xeral, como vimos na sección dedicada a este ámbito.

Polo que se refire aos administrativos, o tipo de interlocutor semella condicionar en boa medida a lingua de interacción. As interaccións cos superiores implican un maior uso do castelán, mentres que as que se establecen cos subordinados favorecen o uso do galego.



Figura 31. *Usos lingüísticos no traballo dos sectores cunha media de lingua habitual entre 2 e 2,5*

Nos dependentes de comercio, baixa o uso do galego en todas as interaccións, excepto ao falaren cos clientes.

MEDIA DA LINGUA HABITUAL 2,51 – 3

As interaccións cos superiores supoñen para todos os grupos representados, excepto para os traballadores da hostalaría, un maior uso do castelán.

O maior uso do galego cos clientes dáse entre os directivos da administración, e o menor, entre os traballadores da hostalaría.



Figura 32. *Usos lingüísticos no traballo dos sectores cunha media de lingua habitual entre 2,51 e 3*

MEDIA DA LINGUA HABITUAL 3,01 – 3,50

O contorno laboral dos traballadores da construción tende a favorecer o uso do galego. Excepto ao falaren cos superiores, empregan máis o galego nese ámbito do que o fan habitualmente.

Sucede o contrario cos hostaleiros: empregan menos o galego no traballo ca no resto das súas actividades.



Figura 33. *Usos lingüísticos no traballo dos sectores cunha media de lingua habitual entre 3,01 e 3,5*

MEDIA DA LINGUA HABITUAL SUPERIOR A 3,50

Os traballadores da agricultura, minaría e pesca incorporan levemente o uso do castelán nas relacións de autoridade e subordinación. O uso máis elevado do galego nese colectivo dáse ao falaren cos clientes.



Figura 34. *Usos lingüísticos no traballo dos sectores cunha media de lingua habitual superior a 3,5*

Tras a descrición dos usos lingüísticos nos diferentes sectores procedeuse a elaborar unha tipoloxía máis operativa das categorías profesionais. Revisouse a escala empregada polo IGE, a CNO, e mantivéronse, en boa medida, as agrupacións desta clasificación.

1 Dirección das administracións públicas
2 Empresariado mediano-grande
3 Pequeno empresariado
4 Técnicos e profesionais de grao superior
5 Técnicos e profesionais de apoio
6 Empregados de tipo administrativo
7 Traballadores dos servizos
8 Traballadores da agricultura e pesca
9 Artesáns, traballadores da industria e da construción
10 Operarios da industria
11 Traballadores non cualificados



0 Forzas armadas
1 Dirección das administracións públicas
2 Empresariado mediano-grande
3 Pequeno empresariado
4 Técnicos e profesionais de grao superior
5 Técnicos e profesionais de apoio
6 Empregados de tipo administrativo
7 Traballadores dos servizos
8 Traballadores da agricultura e pesca
9 Artesáns, traballadores da industria e da construción
10 Operarios da industria
11 Traballadores non cualificados

Figura 35. *Lingua habitual segundo ocupación*

ASOCIACIÓN ENTRE LINGUA HABITUAL E OCUPACIÓN

Para tratar de determinar se as diferenzas entre a lingua habitual e a ocupación eran significativas, procedeuse a analizar as diferenzas das medias mediante o procedemento ANOVA aplicouse posteriormente un post hoc de Bonferroni. Os resultados levaron a concluír que as diferenzas eran significativas.

Elaborouse tamén unha análise de correspondencias para determinar o grao de asociación entre a lingua habitual e a ocupación. O principal obxectivo dunha análise de correspondencias é describir as relacións existentes entre dúas variables nominais, recollidas nunha táboa de continxencia, sobre un espazo de baixa dimensionalidade, mentres que ao mesmo tempo se describen as relacións entre as categorías dunha mesma variable. As distancias no gráfico de correspondencias reflicten as relacións entre as categorías, de xeito que as categorías similares aparecen próximas unhas ás outras. A proxección dos puntos dunha variable sobre o vector desde a orixe ata un punto de categoría da outra variable recolle a relación entre ambas as dúas variables.

Na solución atopada, a primeira dimensión explica por si soa o 90,7% da varianza. Esta divide horizontalmente as categorías da lingua habitual en “Só galego”, no lado da dereita, e “Só castelán” e “Máis castelán” na esquerda. As profesións asociadas ao uso do galego (ordenadas

de maior a menor asociación) son: traballadores da agricultura e pesca, operarios da industria, artesáns e traballadores da industria e da construción, traballadores sen cualificación e pequenos empresarios. As profesións asociadas ao uso do castelán son (de maior a menor asociación): forzas armadas, técnicos e profesionais de apoio, empregados de tipo administrativo, traballadores dos servizos e medianos e grandes empresarios. Na dimensión vertical, aínda que cun peso escaso, aparecen os membros do poder executivo asociados ao uso de "máis galego".

PROFESIONAIS SEGUNDO O NIVEL DE CUALIFICACIÓN LINGÜÍSTICA QUE ESIXE O POSTO

Para afondar na relación entre a ocupación e o comportamento lingüístico elaborouse unha escala que clasificaba as diferentes ocupacións en función de dúas dimensións: a cualificación lingüística requirida para o posto e a esixencia ou non de trato directo co público. Esta escala denominouse "nivel de cualificación lingüística" e categorizouse en catro niveis. A categoría "0" asignóuselles a aquelas ocupacións que non requiren cualificación lingüística nin esixen trato directo co público. A categoría "1" atribuíuselles a aquelas que precisan do trato directo co público pero non esixen cualificación lingüística. Na categoría "2" estarían aquelas que esixen cualificación lingüística pero non se desenvolven en contacto co público e, finalmente, na categoría "3" están aquelas que cumpren os dous requisitos: unha cualificación regrada e trato directo co público. A modo de exemplo, serían representativos da categoría "0" os traballadores da agricultura, os operarios da industria ou os artesáns. Na categoría "1" estarían, entre outros, os dependentes de comercio e os camareiros, na "2" os traballadores de tipo administrativo e, en xeral, os titulados universitarios e na "3", docentes, profesionais do dereito e altos cargos da administración. Aquelas profesións que non puideron clasificarse por falta de información desbotáronse da análise.

O resultado da clasificación pode observarse na táboa 2.

			Porcentaxe	Porcentaxe válida
Válidos	0	82,4	86,4	
		1	5,4	5,7
		2	4,1	4,3
		3	3,5	3,6
		Total	95,4	100,0
Perdidos	9	4,6		
Total			**100**	

Táboa 2. *Clasificación das ocupacións segundo o nivel de cualificación lingüística*

Segundo esta clasificación, o 13,6% dos ocupados desempeña postos que requiren algún tipo de cualificación lingüística, ben sexa académica, ben porque se desempeñan de cara ao público.

Sondouse a posible existencia de diferenzas estatisticamente significativas entre a lingua habitual e a posición na escala de cualificación lingüística. Para iso realizouse unha análise das diferenzas das medias polo método de "T mostras relacionadas". Os resultados atopados indicaron a existencia de diferenzas estatisticamente significativas e dunha correlación feble de signo negativo entre uso do galego e cualificación lingüística que require o posto:

		Correlación	Sig.
Par 1	Lingua habitual e escala de cualificación lingüística	-,172	,000

Táboa 3. *Lingua habitual segundo a cualificación lingüística do posto. Análise das diferenzas das medias polo método de "T mostras relacionadas"*

A gráfica que ilustra o resultado do cruzamento de ambas as variables amosa unha clara asociación entre ocupacións que non requiren ningún tipo de cualificación lingüística e uso monolingüe do galego:



Figura 36. *Lingua habitual segundo a cualificación lingüística que require o posto*

Preto da metade dos traballadores incluídos dentro deste grupo é monolingüe en galego. Sumando as categorías de resposta "só galego" e "máis galego", observamos que o 65,1% dos integrantes desta categoría son falantes preferentes ou exclusivos de galego.

No grupo de profesións orientadas ao público predomina lixeiramente o uso do galego. A opción maioritaria neste grupo é "só galego", se ben a suma das categorías "só galego" e "máis galego" por un lado, e "só castelán" e "máis castelán" polo outro, indica unha distribución bastante similar.

Entre as profesións que esixen cualificación lingüística atopamos un marcado predominio de castelanfalantes habituais (a suma das opcións de uso monolingüe e preferente acada o 70,3%).

Finalmente, entre as profesións que requiren ao tempo cualificación lingüística e trato directo co público predominan os castelanfalantes, aínda que nunha proporción moi inferior á atopada no grupo anterior (a suma acada o 58,1%).

Desta análise desprendéronse dúas conclusións. Por un lado, e de maneira similar aos resultados de estudos anteriores (Bouzada, 1993; Seminario de Sociolingüística, 1995), atopamos unha importante relación entre traballos de tipo non cualificado e uso do galego. Por outro, encontramos un achado novo ao considerar o comportamento dos traballadores que están en contacto co público. Tanto se realizan traballos que requiren cualificación lingüística coma se non, o trato co público favorece un maior uso habitual da lingua galega.

V. DESCRICIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DAS SETE CIDADES GALEGAS

A configuración social do territorio vén experimentando en Galicia un profundo proceso de transformación que leva os espazos urbanos a adquiriren un crecente protagonismo. Malia o estancamento do crecemento demográfico e mesmo retroceso nalgunhas urbes, as cidades están a vertebrar un novo modelo de configuración do espazo no que o trazo característico é a aparición das áreas metropolitanas (Precedo, 1996).

Os estudos sobre a situación sociolingüística galega empezan a amosar unha consideración especial polo que está a acontecer nos espazos urbanos. O MSG abordara dun xeito superficial esta cuestión, polo que estudos posteriores afondaron nesa ampla base de datos e amosaron a existencia

de diferentes perfís sociolingüísticos nas sete cidades galegas (Fernández, 1993, 2004; Seminario de Sociolingüística, 2003; Rei-Doval, 2004).

Neste estudo sobre a base de datos da ECVF coidouse conveniente dedicar un capítulo propio a esta cuestión. O tamaño mostral da ECVF, con representatividade para cada unha das sete cidades galegas, permitía realizar análises pormenorizadas da lingua inicial, as competencias lingüísticas e os usos en cada unha delas. O número de enquisas realizadas en cada cidade pode observarse no cadro seguinte:

Santiago	631
A Coruña	1215
Ferrol	509
Lugo	554
Ourense	730
Pontevedra	481
Vigo	1867

Táboa 4. *Número de entrevistas realizadas en cada cidade*

A análise dos datos deste capítulo basearase na presentación gráfica das frecuencias obtidas para cada variable tomada en consideración, na comparanza cos datos do MSG (para aquelas cidades sobre as que este fornecía datos) e, finalmente, na elaboración dunha análise multidimensional dos usos lingüísticos nos espazos urbanos similar á realizada previamente por Fernández (2004) sobre a base de datos do MSG.

Lingua inicial

Como se pode observar na figura 37, existen importantes diferenzas na distribución da lingua inicial segundo as cidades. Así, mentres os residentes nas cidades do denominado Eixo Atlántico son, na súa maior parte, castelanfalantes iniciais (as porcentaxes máis avultadas amósanas as cidades costeiras), os habitantes de Lugo e Ourense adquiriron maioritariamente, en primeiro lugar, a lingua galega. Ferrol é a cidade coa porcentaxe máis reducida de galegofalantes iniciais (15,9%), mentres que Lugo (39,8%), seguida de preto por Ourense (39%), é a que rexistra a maior proporción. Polo que se refire aos bilingües iniciais, a maior porcentaxe atópase en Ferrol (28,5%) e a menor na Coruña (13,1%).



Figura 37. *Lingua inicial nas cidades galegas*

COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

Para sondar a distribución das competencias lingüísticas nas cidades, elaboramos unha gráfica cos valores da media de cada unha das catro destrezas (os valores oscilaban entre o 1, correspondente á categoría "nada", e o 4, referido á categoría "moito") segundo a cidade.



Figura 38. *Competencias lingüísticas nas cidades galegas*

Se ben os valores das medias da destreza oral pasiva (entender galego falado) son moi elevados en todas as cidades, cómpre sinalar a existencia dunha diferenza de case 30 centésimas entre as cidades cos valores máis altos (Lugo e Ourense) e as cidades cos valores máis baixos (Ferrol e Vigo). Polo que se refire á destreza oral activa (falar), as diferenzas son máis considerables. O valor máis elevado atopámolo en Lugo (3,57), mentres que o máis baixo amósao Vigo (3,10). Os valores da destreza escrita pasiva (entender galego escrito) amosan pouca variabilidade segundo a cidade. En calquera caso, o valor máis alto correspóndelle a Lugo (3,57) e o máis baixo a Vigo (3,34). Os valores da destreza escrita activa (escribir) son moi semellantes en todas as cidades. Non obstante, os valores máis altos atopámolos en Ferrol e Ourense (2,51) e o máis baixo en Pontevedra (2,44).

Aínda que non son moi grandes, atopamos diferenzas nos valores das competencias percibidas en función da cidade. As destrezas que amosan maior variabilidade son as orais, que se ven máis influídas pola lingua habitual.

LINGUA HABITUAL

Na publicación do volume do MSG referido aos usos lingüísticos en Galicia (Seminario de Sociolingüística, 1995) só se proporcionaban datos desagregados de tres cidades galegas: A Coruña, Santiago e Pontevedra. Traballos posteriores sobre a base de datos do MSG analizarían con maior detalle os usos lingüísticos do ámbito urbano (Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais, 2001; Rei Doval, 2004; Fernández, 2004). En calquera caso, as diferenzas atopadas na distribución da lingua habitual aconsellaban realizar análises máis fondas do ámbito urbano. A seguir veremos as frecuencias de lingua habitual nas sete cidades galegas, comparando os resultados das tres para as que contamos con datos procedentes do MSG:



Figura 39. *Lingua habitual segundo as cidades*

Como se pode observar na gráfica, a distribución da lingua habitual experimenta importantes diferenzas no contorno urbano galego. Así, mentres en Vigo a proporción de monolingües en castelán acada case o 50% da poboación e a de monolingües en galego non chega ao 9%, en Lugo a primeira é do 20% e a segunda do 30%.



Figura 40. *Lingua habitual en Santiago. Comparanza entre o MSG e o IGE*

Nos once anos transcorridos entre a realización da enquisa do MSG e a do IGE, Santiago case triplicou a proporción de monolingües habituais en castelán. Descenderon os bilingües con predominio do castelán e reducíronse case á metade os bilingües con predominio do galego. A porcentaxe de monolingües en galego, no entanto, mantívose case inalterada.



Figura 41. *Lingua habitual na Coruña. Comparanza entre o MSG e o IGE*

De xeito semellante ao acontecido en Santiago, A Coruña incrementa notablemente a proporción de monolingües en castelán (do 28,3 a 38,2). O incremento procedeu tamén do transvasamento de bilingües con predominio dunha e outra lingua.



Figura 42. *Lingua habitual en Pontevedra. Comparanza entre o MSG e o IGE*

En Pontevedra, o incremento de castelanfalantes habituais obsérvase tanto na opción monolingüe como na bilingüe. Os monolingües en galego reducíronse, porén, á metade.



Figura 43. *Lingua habitual por idade*

A gráfica amosa os valores da media da lingua habitual por idades nas sete cidades galegas. De acordo coas categorías da variable "lingua habitual", estes oscilan entre o 1 (só castelán) e o 4 (só galego). Aínda que todas as cidades amosan a tendencia xeral ao descenso do uso do galego conforme descende a idade, atopamos de novo importantes diferenzas entre elas e tamén matices significativos dentro desta tendencia xeral.

Pontevedra é a cidade que experimentan a maior caída interxeracional no uso do galego (1,40). Séguena A Coruña (1,35) e, a maior distancia, Lugo (1,07), Ferrol (1,09) e Ourense (1,06). En Vigo, pola contra, é onde a diferenza interxeracional é máis reducida (0,85). Pontevedra é tamén a cidade que reflicte un ritmo de desgaleguización máis acusado no grupo de menor idade. Noutras cidades, como Ferrol, Santiago ou Ourense, as medias deste grupo e o de 16 a 25 anos son similares. Lugo, pola contra, amosa unha recuperación no uso do galego entre os menores de 16 anos (que se achegan ao nivel do grupo de 26 a 40).

A distribución da lingua habitual por idades nos espazos urbanos indica que algunhas cidades galegas están a experimentar cambios na tendencia de caída interxeracional do uso do galego. Así, Ferrol, Santiago e Ourense non reflicten diferenzas entre o grupo máis novo e o segmento inmediatamente superior. En Lugo atopamos indicios dunha recuperación e o resto de cidades do corredor atlántico (A Coruña, Pontevedra e Vigo) continúan comportándose de acordo coa tendencia xeral da caída interxeracional do uso do galego.

Análise de correspondencias: lingua habitual segundo a cidade

A seguir amósase o resultado dunha análise multidimensional utilizando como variables a lingua habitual e a cidade. O obxectivo era tratar de representar nun espazo de baixa dimensionalidade o resultado do cruzamento entre ambas as dúas variables. A técnica escollida para tal efecto foi a Análise de Correspondencias, apta para a realización de análises que permiten representar graficamente o cruzamento entre variables que están medidas a nivel nominal. O lector xa estará familiarizado coa interpretación da gráfica resultante, pois é semellante á do capítulo referido á lingua habitual no ámbito laboral.

Traballos posteriores sobre a base de datos do MSG (Seminario de Sociolingüística, 2003; Fernández, 2004) aplicaron o mesmo procedemento para obter unha serie de perfís sociolingüísticos das cidades galegas. Esta nova análise permitirá, por tanto, realizar comparanzas entre os dous momentos sondados.

Cómpre sinalar que para a obtención deste modelo optouse polo método de normalización simétrica, pois permite describir, ao tempo, as relacións existentes entre as categorías das dúas variables seleccionadas. Prescindiuse, en consecuencia, de métodos alternativos que dan prioridade ás puntuacións das categorías en función dunha ou outra variable.



Figura 44. *Análise de correspondencias. Lingua habitual nas sete cidades galegas*

No modelo obtido, a primeira dimensión explica por si soa o 83,8% da varianza. Para interpretala correctamente, cómpre ter presente a proxección das categorías de cada variable sobre o vector desde a orixe ata o punto de categoría. As categorías da lingua habitual que se atopan nos extremos e, polo tanto, definen a dimensión horizontal son "só castelán" no lado da dereita e "só galego" no da esquerda. Asociadas a unha e outra categorías atópanse Vigo e Lugo, respectivamente. Moi próximas a "só galego" vemos tamén a Ourense e Santiago, mentres que A Coruña e Ferrol aparecen xunto á categoría "máis castelán". Cómpre ter presente, con todo, o baixo peso desta categoría na dimensión, polo que a categoría que exerce maior influencia na posición destas dúas cidades é "só castelán". Por outro lado, Pontevedra amosa un peso considerable na segunda dimensión, que explica o 12,1% da varianza, e que aparece definida pola oposición "máis galego" e "só galego". Na representación obtida aparece próxima a "máis galego".

Os resultados obtidos amosan algunhas diferenzas en relación coas análises realizadas sobre a base do MSG (Seminario de Sociolingüística, 2003; Fernández, 2004). Así, se unha década atrás

a cidade que se atopaba máis asociada ao monolingüismo en castelán era Ferrol, agora é Vigo (en calquera caso, ambas aparecían moi preto na gráfica anterior, formando un grupo propio coa Coruña). Por outro lado, é Lugo, seguida de Ourense (e en lugar de Santiago), a cidade máis asociada ao monolingüismo en galego. Ao redor desta opción lingüística, Lugo, Ourense e Santiago continúan amosando un perfil lingüístico distintivo. Por último, atopamos unha novidade na posición que ocupa Pontevedra. Dun xeito semellante ao que se observaba na análise realizada con datos do MSG (Fernández, 2004), Pontevedra aparece soa nunha segunda dimensión. Na análise anterior esta dimensión non estaba asociada a ningunha categoría da variable "lingua habitual", mentres que na análise nova a opción "máis galego" ten nela un peso máis considerable. Pontevedra asociaríase, en consecuencia, a "máis galego".

A metodoloxía empregada permite constatar a existencia de diferentes perfís lingüísticos no urbano galego. Estes amosan, ademais, un importante dinamismo, mudando de xeito relevante en relación coa década anterior. As diferenzas atopadas suxiren a importancia que teñen dinámicas de diversa índole (sociodemográfica, socioeconómica e político-cultural) na explicación dos factores sociolingüísticos.

VI. A LINGUA DA CLASE MEDIA URBANA GALEGA

O seguimento das principais tendencias sociodemográficas vén amosando un proceso acelerado de modernización da sociedade galega. O cumprimento dunha serie de elementos, como a terciarización da economía, o traslado da produción aos centros urbanos ou o movemento migratorio campo-cidade, entre outros, modifican de forma irreversible unha composición da estrutura de clases tradicional. Fronte a unha estrutura piramidal, pechada á innovación e baseada na propiedade, propia das sociedades tradicionais, emerxe unha estrutura nova de tipo máis horizontal, aberta á innovación e baseada no coñecemento e nas cualificacións. A gran protagonista desta nova estrutura social é unha ampla clase media (Szomptka, 2002) que se erixe en motor da modernización e en axente do cambio social. Dada a súa importancia á hora de marcar as tendencias de futuro e de influír no conxunto da sociedade, nesta achega á situación sociolingüística de Galicia pártese da necesidade de sondar dun xeito específico o comportamento dunha clase media urbana en crecemento.

O estudo da clase social como unha das variables explicativas mais poderosas dos fenómenos sociolingüísticos atopou unha gran proliferación na sociolingüística norteamericana moderna, que herdaba a súa visión da sociedade das teorías sociolóxicas da estratificación xurdidas despois da

Segunda Guerra Mundial (Moreno, 1998). William Labov foi, nese sentido, o maior difusor das teorías de estratificación social no ámbito da sociolingüística, aplicando medidas de clase social complexas compostas por diferentes dimensións, como o nivel educativo, a ocupación e os ingresos familiares (Labov, 1962).

Para abordar o estudo das clases medias urbanas procedeuse, en primeiro lugar, a acoutar a este grupo social no ficheiro de datos da ECVF. Inicialmente considerouse que a opción elixida debera partir dun indicador de clase complexo, que integrara elementos socioeconómicos de diferente tipo como o nivel de renda, o nivel educativo e a ocupación, seguindo un criterio semellante ao empregado na tradición sociolingüística anglosaxona. Endebén, por razóns técnicas houbo que prescindir de tal criterio. O motivo residía en que o ficheiro de datos, que achegaba información de renda da unidade familiar para todos os suxeitos dos fogares que participaron na enquisa, non permitía, en troca, elaborar categorías que resumisen a ocupación dos seus integrantes. Ao non incluír o rol de cada suxeito na unidade familiar (pai, nai, fillo, etc.), non era posible resumir o perfil ocupacional da familia, determinado pola ocupación dos ascendentes. Por outro lado, nos cruzamentos entre a ocupación e as variables sociolingüísticas, os suxeitos inactivos (amas de casa, estudantes, xubilados e, en xeral, pensionistas) aparecían como casos perdidos nas análises. Polo que atinxe ao nivel educativo, o feito de que a mostra estivera integrada por suxeitos que non acadaban a idade mínima para teren superados os niveis educativos superiores tamén presentaba dificultades, pois podía introducir nesgos nas interpretacións.

O estudo empírico da estratificación social achega incontables exemplos acerca da asociación existente entre o nivel educativo, a ocupación e o nivel de renda (Andrés, 1999; Ayala e Palacio, 2000), polo que a escolla do nivel de renda familiar como indicador de clase está, ao noso entender, plenamente xustificada.

Selección da submostra

Para seleccionar do total de suxeitos da mostra aqueles susceptibles de pertencer ao grupo de “clases medias urbanas” empregamos como indicador da clase social a variable “ingresos totais do fogar”. Este indicador permite abordar a relación entre o comportamento lingüístico e a clase social dun xeito máis obxectivo ca en estudos precedentes, como o MSG. Para sondar a clase social dos suxeitos, o cuestionario do MSG pedía aos enquisados que se autosituasen nunha escala de ingresos. Unha crítica que se adoita facer a esta forma de medir a clase social é que non controla o efecto da desexabilidade social, favorecendo que os individuos escollan os tramos centrais da

escala. Como medida correctora deste efecto empregábase o xuízo dos entrevistadores sobre a localización social dos enquisados. Tratábase, porén, dunha medida excesivamente subxectiva. O cuestionario da Enquisa de Condición de Vida pide aos suxeitos información moi detallada sobre os ingresos de todos os membros do fogar. Esta información aparece resumida na variable "ingresos totais do fogar". Para o estudo da clase media urbana realizamos unha escala da renda familiar que partiu desta variable. Baseámonos na propia clasificación da enquisa para os ingresos mensuais de cada unha das persoas e reducimos os tramos dos 14 orixinais a 9 para facela máis operativa:

1. Ata 425 €
2. De 425 a 600 €
3. De 600 a 1000 €
4. De 1000 a 1500 €
5. De 1500 a 2000 €
6. De 2000 a 2500 €
7. De 2500 a 3000 €
8. De 3000 a 4500 €
9. Máis de 4500 €

Comprobamos que a variable resultante "Escala da renda familiar" tiña unha distribución normal, é dicir, os suxeitos dividíanse case ao 50% entre os que teñen máis ou menos ingresos que os ingresos medios, ou dito doutro xeito, a maioría tende a situarse nas categorías de ingresos centrais:



Figura 45. *Distribución da renda familiar*

Finalmente, seleccionamos os tramos 4, 5 e 6 como representativos, en nivel de renda, das familias de clase media. Cómpre sinalar que antes de abordar a análise da lingua habitual nas clases medias urbanas realizamos análises previas das diferenzas das medias que informaron da existencia de diferenzas estatisticamente significativas nos usos lingüísticos da poboación urbana en función do nivel de renda familiar:

Diferenzas relacionadas								
			Error típ. da ---------- 5% Intervalo de confianza para a diferenza					
	Media	Desviación típ.	media	Inferior	Superior	t	gl	Sig. (bilateral)
Lingua habitual - intervalo ingresos foc	-2,11	2,261	0,050	-2,21	-2,01	-42,202	2041	,000

Táboa 5. *Análise das diferenzas das medias da lingua habitual e a renda familiar*

LINGUA HABITUAL

O valor da media da lingua habitual é lixeiramente inferior na clase media (2,09) con respecto ao conxunto de habitantes do ámbito urbano (2,13). A seguir pódese observar a distribución das categorías da lingua habitual no ámbito urbano e no conxunto da clase media urbana galega, apreciando unha lixeira castelanización deste colectivo:



Figura 46. *Lingua habitual das clases medias urbanas e do total de habitantes das cidades*

SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago, o uso monolingüe do galego case duplica o do conxunto do urbano galego. A clase media santiaguesa amosa, emporiso, un comportamento marcadamente castelanizador (Media= 2,22 na clase media fronte a 2,42 no conxunto da poboación):



Figura 47. *Usos lingüísticos do total da poboación e da clase media en Santiago*

A CORUÑA

O comportamento lingüístico da clase media coruñesa caracterízase por un maior uso monolingüe do castelán e por un menor uso xeral do galego (1,99 fronte a 1,88), así como unha inferior proporción de bilingües con predominancia do galego.



Figura 48. *Usos lingüísticos do total da poboación e da clase media na Coruña*

FERROL

En Ferrol vemos unha menor influencia da clase social no comportamento lingüístico dos suxeitos. Como observamos na gráfica, a varianza é moi pequena. En todo caso, o uso do galego descende na clase media (2,00 fronte a 2,04), en consonancia co dato xeral.



Figura 49. *Usos lingüísticos do total da poboación e da clase media en Ferrol*

LUGO

Lugo é, das sete cidades galegas, a que amosa un maior uso do galego. Obsérvase, emporiso, un maior uso monolingüe do castelán na clase media. A diferenza nos valores das medias indica, non obstante, que as diferenzas na distribución das dúas linguas son moi tenues (2,61 fronte a 2,60).



Figura 50. *Usos lingüísticos do total da poboación e da clase media en Lugo*

OURENSE

A clase social apenas influe no comportamento lingüístico dos ourensáns (2,65 fronte a 2,64). De todos os xeitos e seguindo a pauta xeral, na clase media a lingua habitual descende unha centésima.



Figura 51. *Usos lingüísticos do total da poboación e da clase media en Ourense*

PONTEVEDRA

En Pontevedra, os valores das medias indican, de novo, un menor uso do galego na clase media (2,08 fronte a 2,15). Esta diferenza explícase, fundamentalmente, pola frecuencia considerablemente máis elevada do bilingüismo con predominio do castelán.



Figura 52. *Usos lingüísticos do total da poboación e da clase media en Pontevedra*

VIGO

Por último, a clase media viguesa reflicte de novo un uso lixeiramente inferior do galego en relación co conxunto da poboación (os valores das medias difiren sensiblemente: 1,86 fronte a 1,92). Tal e como se pode observar na figura, este menor uso distribúese dun xeito bastante semellante en todas as categorías da lingua habitual.



Figura 53. *Usos lingüísticos do total da poboación e da clase media en Vigo*

En conclusión, se en termos globais os usos lingüísticos da clase media urbana apenas difiren dos do conxunto da poboación, analizando esta cuestión en cada unha das sete cidades obsérvanse certas peculiaridades. Así, as clases medias de cidades como Lugo ou Ourense compórtanse lingüisticamente dun xeito case idéntico ao conxunto desas poboacións. Pola contra, as de Pontevedra, A Coruña e, sobre todo, Santiago amosan uns usos máis castelanizados que o resto da cidadanía. Destes datos, en consonancia cos do capítulo referido ás cidades, despréndese a existencia de diferentes especificidades nas pautas xerais do ámbito urbano galego.

VII. O GALEGO E OS INMIGRANTES

A ECVF incluía unha pregunta sobre o lugar de nacemento dos enquisados que daba tres opcións de resposta: en Galicia, noutra comunidade autónoma ou noutro país. Do conxunto da mostra, menos do 8% (1333 persoas) naceran fóra de Galicia. Os nacidos fóra de Galicia distribuíanse case ao 50% entre os procedentes doutra comunidade autónoma e os do estranxeiro. A seguir analízanse as características sociolingüísticas destes dous colectivos.

LINGUA INICIAL

Como se pode ver na gráfica, a meirande parte dos que naceron fóra de Galicia aprenderon a falar en castelán. Séguenlles os que aprenderon a falar noutras linguas e, na mesma proporción, os que aprenderon a falar en galego e en galego e castelán ao tempo.



Figura 54. *Lingua inicial dos que naceron fóra de Galicia*

Como cabería esperar, a distribución da lingua inicial variou notablemente entre os que naceron noutra comunidade autónoma e os que naceron no estranxeiro:



Figura 55. *Lingua inicial segundo o lugar de residencia*

Os nados noutra comunidade do Estado aprenderon a falar, na súa maior parte, en castelán (85,9%). Deles, menos do 3% tiveron o galego como lingua inicial. Non obstante, entre os que naceron no estranxeiro, a proporción de galegofalantes iniciais ascende ao 15,3%. Este fenómeno explícase porque, malia que a enquisa non controlaba este factor, unha gran parte dos inmigrantes son fillos de emigrantes e nacidos fóra de Galicia. Un dato que pode ilustrar este feito é o lugar de residencia preferido por este colectivo. Os nacidos no estranxeiro sitúanse, en contraste cos nacidos

noutras comunidades autónomas de España, preferentemente en localidades de tamaño pequeno, o que podería en parte xustificar que algúns destes emigrantes nacidos no estranxeiro sexan emigrantes retornados.



Figura 56. *Hábitat de residencia dos nacidos fóra de Galicia*

A lingua maioritaria de adquisición da linguaxe para os nados no estranxeiro é, no entanto, o castelán (41,9%), seguida doutra/s lingua/s.

COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

O nivel de competencias dos inmigrantes pódese considerar, en xeral, alto. Tal e como se pode observar na gráfica, menos do 2% dos nados fóra de Galicia declaran ter nulas competencias para entender o galego. O 60% deles sinala, ademais, que o entende "moito" e preto do 30% que o comprende.



Figura 57. *Competencias lingüísticas dos nacidos fóra de Galicia*

Por outro lado, a maioría afirma ser capaz de falalo nalgunha medida e mesmo preto do 60% é capaz de falalo "moito" ou "bastante". Menos do 20% declárase totalmente incapaz de falar en galego. En canto ao galego escrito, en consonancia cos datos que observamos no nivel de lectura da poboación xeral galega, os inmigrantes teñen unhas competencias sorprendentemente altas. Preto da metade dos que naceron fóra di que o entende "moito". Menos do 5% declárase incapaz de entendelo nalgunha medida. Onde maiores dificultades atopan os inmigrantes é nas destrezas activas na escrita. Preto do 25% amosa incapacidade para escribir en galego. Algo máis da metade deles son capaces, con todo, de escribilo "moito" ou bastante".

Calculáronse as medias da competencia en cada unha das catro destrezas dos nacidos noutra comunidade e os nados no estranxeiro e, como se deduce da gráfica, apenas hai diferenzas entre eles:



Figura 58. *Medidas de competencia en galego segundo o lugar de residencia*

LINGUA HABITUAL

A lingua maioritaria dos nacidos fóra de Galicia é o castelán. Máis do 50% fálano de maneira exclusiva, mentres que os que empregan o galego, ben de forma exclusiva, ben preferente, non chegan ao 25%.



Figura 59. *Lingua habitual dos que naceron fóra de Galicia*



Figura 60. *Lingua habitual segundo o lugar de nacemento*

A distribución da lingua habitual cambia notablemente segundo o lugar de nacemento. A proporción de monolingües en galego cuadriplícase entre os nados no estranxeiro. O uso monolingüe do castelán entre os nacidos noutra comunidade supera en máis de 25 puntos porcentuais o dos nacidos no estranxeiro. Preto do 90% dos que naceron noutra comunidade autónoma do Estado falan habitualmente castelán, mentres que esa porcentaxe se reduce a algo máis do 60% entre os procedentes do estranxeiro. Esta aparente mellor predisposición dos inmigrantes procedentes do estranxeiro debe entenderse pola importancia dos inmigrantes retornados no colectivo dos nacidos fóra de Galicia.

VIII. O CAMBIO DE LINGUA HABITUAL

Para as descricións sociolingüísticas de sociedades bilingües con procesos de substitución, mantemento e normalización lingüística, as análises sobre o cambio de lingua resultan dun interese evidente. Os grupos de individuos que pasan a utilizar a lingua minoritaria, así como os que deciden empregar a lingua en que non foron socializados e educados, pero que ten un maior prestixio social, son actores decisivos no proceso de recuperación ou perda dunha lingua. Procederemos a facer unha descrición destes e a presentar os resultados máis relevantes do fenómeno de cambio de lingua habitual en Galicia.

CAMBIO DE LINGUA HABITUAL: ÍTEM ESPECÍFICO

O 5,47% do total da mostra (822 individuos) declarou que cambiou a lingua en que falaba habitualmente. Este dato contrasta co que proporcionaba o MSG, segundo o cal a proporción de individuos

que cambiaron de lingua era do 44,5%. A pregunta do MSG: "¿Sempre falou a mesma lingua?" tiña una difícil interpretación, pois podía referirse tanto a fenómenos relacionados coa alternancia de código (*code switching*) como ao fenómeno de cambio de lingua habitual que se pretendía medir. A pregunta referida ao cambio de lingua habitual que se redacta na ECVF pretende corrixir este problema e contextualiza o obxecto de interese desta maneira: "A lingua que vostede fala hoxe en día de maneira habitual (galego, castelán, as dúas, outra/s), ¿é a lingua que falou sempre?". A diferenza dos ítems parece que incidiu claramente nos resultados, sobre todo a raíz do contraste realizado coa análise "lingua inicial por lingua habitual", que dalgún xeito retrata os individuos que falan unha lingua distinta da materna (independentemente do número de cambios de lingua habitual que experimentou). Isto demostra que a metodoloxía empregada neste cuestionario é algo máis precisa.

A dirección do cambio de lingua favorece lixeiramente ao galego, pois a suma de "cara a só galego"e "cara a máis galego" acada o 56,6%. A tendencia a cambiar cara a un uso monolingüe de galego tamén supera de maneira rechamante a tendencia ao monolingüismo en castelán.



Figura 61. *Dirección do cambio de lingua habitual*

O cruzamento das variables "lingua inicial" e "dirección do cambio" proporciona resultados de elevado interese (ver figura 62). Excepto entre os que aprenderon a falar "noutra/s lingua/s", que na súa maior parte cambian cara a un uso monolingüe do galego, os cambios de lingua habitual adoitan ter como consecuencia unha incorporación dos usos bilingües, predominando unha lingua ou outra dependendo da lingua inicial. É dicir, a tendencia maioritaria no cambio da lingua habitual parece ser a incorporación dunha segunda lingua usada en menor medida que a lingua materna, o que resulta un feito positivo. Os individuos que se inician en dúas linguas tamén teñen un cambio cara a usos bilingües cunha certa predominancia do castelán.



Figura 62. *Dirección do cambio segundo a lingua inicial*

Un dato que esperta o noso interese no cruzamento é o referido aos individuos que fan coincidir a dirección do cambio coa súa lingua inicial. Os resultados indican que o 16,7% dos galegofalantes iniciais cambiaron cara a "só galego", mentres que o 2,7% dos castelanfalantes iniciais cambiaron cara a só castelán. Estes datos poderían reflectir unha inconsistencia. O cuestionario do IGE só preguntaba por un cambio de lingua habitual, cando en realidade poden producirse máis ao longo da vida dos individuos, polo que chegamos á conclusión de que se trata de individuos que volveron falar a lingua que adquiriran na infancia despois dun cambio de lingua habitual. Neste sentido, a gráfica tamén permitía observar que a proporción de castelanfalantes iniciais que abandonan completamente o uso da súa lingua de orixe é superior á que se dá no cambio dos galegofalantes iniciais (20,9% fronte a 15,7%).

As razóns sinaladas para o cambio[7] foron as seguintes:



Figura 63. *Razóns do cambio de lingua*

Na súa maior parte, os cambios de lingua foron ocasionados por unha decisión persoal. Séguenlle en importancia outros motivos e o traballo. En menor medida incidiron os amigos e o ensino.

A relación entre a dirección do cambio e a razón deste pódese observar na gráfica seguinte:



Figura 64. *Razón do cambio segundo a súa dirección*

Nos cambios a favor do uso do galego (sobre todo do uso monolingüe) pesan sobre todo as motivacións persoais, mentres que nos cambios a favor do uso do castelán pesan máis razóns de tipo laboral ou relacionadas co ensino. Tamén teñen importancia (sobre todo no cambio cara a un uso monolingüe do castelán) outro tipo de razóns non recollidas polas opcións ofrecidas no cuestionario.

PERFIL DOS INDIVIDUOS QUE DECLARARON CAMBIAR DE LINGUA HABITUAL

Para tratar de achegarnos ao perfil lingüístico e sociolóxico dos individuos que cambiaron de lingua habitual, realizamos unha análise das medias polo procedemento de “T mostras relacionadas”, introducindo, entre outras, as variables “lingua inicial”, a “lingua habitual”, o “tamaño do hábitat de residencia”, a “idade”, a “ocupación”, o “nivel educativo” e o “nivel de ingresos”. As combinacións da variable “ falou sempre a mesma lingua” con todas as anteriormente sinaladas amosaron asociacións estatisticamente significativas, se ben os valores das correlacións son moi baixos:

[7] Hai que sinalar que a pregunta era de resposta múltiple, polo que a suma das opcións non é 100.

		Correlación	Sig.
Par 1	“lingua habitual” e “falou sempre a mesma lingua”	-,065	,000
Par 2	“ocupación” e “falou sempre a mesma lingua”	-,049	,000
Par 3	“lingua inicial” e “falou sempre a mesma lingua”	-,085	,000
Par 4	“Tamaño do municipio” e “falou sempre a mesma lingua”	,049	,000
Par 5	“idade” e “falou sempre a mesma lingua”	-,051	,000
Par 6	“lugar de nacemento” e “falou sempre a mesma lingua”	,167	,000
Par 7	“falou sempre a mesma lingua” e “nivel educativo”	,098	,000

Táboa 6. *Correlacións de mostras relacionadas*

Para abordar as características máis relevantes dos individuos que cambiaron de lingua mostramos no cadro seguinte seguindo a orde de maior a menor correlación, empezando pola esquerda.

Lugar de nacemento	**Porcentaxe**	**Tamaño do concello**	**Porcentaxe**
En Galicia	4	Menos de 10.000 habitantes	2,5
Noutra comunidade	0,5	10.000 a 49.999 habitantes	0,4
Noutro país	0,9	Máis de 50.000 habitantes	2,5
Lingua inicial		**Idade**	
En castelán	2,1	Menos de 16	0,0
Nas dúas	0,8	16 a 25	0,9
En galego	1,7	26 a 40	1,9
Noutras	0,8	41 a 65	1,9
Nivel educativo		Máis de 65	0,7
Ningún	0,1	**Ocupación**	
Primarios incompletos	2,3	Forzas armadas	0,1
Primarios completos	0,8	Directivos (empresas e administración)	0,5
FP	1,0	Técnicos de nivel superior	1,0
Bacharelato	1,1	Técnicos de nivel medio	0,6
Universitarios	0,1	Traballadores de tipo administrativo	0,7
Outros	0,0	Traballadores dos servizos	0,9
Lingua habitual		Traballadores da agricultura e da pesca	0,3
Só castelán	0,8	Artesáns e t. cualificados da industria	1,2
Máis castelán	1,7	Operarios da industria	0,5
Máis galego	1,8	Traballadores non cualificados	0,5
Só galego	1,0		
Outras	1,0		

Táboa 7. *Individuos que declararon ter cambiado de lingua habitual*

O perfil sociolingüístico dos individuos que cambiaron de lingua habitual podería resumirse do xeito seguinte: na súa maioría naceron en Galicia[8], aprenderon a falar en castelán, non remataron os estudos primarios, son bilingües habituais, ben con predominio do castelán, ben con predominio do galego, residen tanto en cidades coma no rural e desenvolven preferentemente traballos de tipo artesán ou industriais. Aínda que se sondou a posible asociación do xénero co cambio de lingua habitual, esta non resultou significativa.

Dado o interese que ten coñecer con máis minuciosidade estes mesmos individuos segundo a dirección do seu cambio, a seguir amosamos tamén os seus diferentes perfís sociolingüísticos.

Perfil dos que cambiaron ao galego

Lugar de nacemento	**Porcentaxe**	**Tamaño do concello**	**Porcentaxe**
En Galicia	75,8	Menos de 10.000 habitantes	50,7
Noutra comunidade	12,6	10.000 a 49.999 habitantes	7,6
Noutro país	11,6	Máis de 50.000 habitantes	41,7
Lingua inicial		**Idade**	
Castelán	61,4	Menos de 16	0,0
As dúas	16,4	16 a 25	18,8
Galego	15,6	26 a 40	40,3
Outras	6,6	41 a 65	31,8
Xénero		Máis de 65	9,1
Home	49,5	**Ocupación**	
Muller	50,5	Forzas armadas	0,5
Nivel educativo		Directivos	8,7
Ningún	0,9	Técnicos de nivel superior	19,9
Primarios incompletos	38,7	Técnicos de nivel medio	7,8
Primarios completos	14,5	Traballadores de tipo administrativo	13
FP	20,2	Traballadores dos servizos	12
Bacharelato	24,3	Traballadores da agricultura e da pesca	5,6
Universitarios	2,3	Artesáns e t. cualificados da industria	17,8
Lingua habitual		Operarios da industria	8,6
Só castelán	0	Traballadores non cualificados	6,1
Máis castelán	18,5		
Máis galego	49,6		
Só galego	31,9		

Táboa 8. *Perfil sociolingüístico dos individuos que declararon ter cambiado cara a "máis galego" ou "só galego". N = 437*

[8] Emporiso o peso dos inmigrantes entre os individuos que cambiaron de lingua é moi superior ao que se dá no conxunto da mostra (26,8% fronte a 8%).

O perfil sociolingüístico dos individuos que, nalgún momento do seu ciclo vital, cambiaron de lingua a favor do galego resúmese do xeito seguinte: naceron en Galicia, aínda que o peso que teñen neste grupo os que naceron fóra de Galicia é superior ao do conxunto da mostra (24,2% fronte a 8%), tiveron como lingua inicial o castelán, falan de maneira preferente ou, en menor medida, exclusiva, galego, teñen estudos primarios incompletos, aínda que a suma dos que teñen como mínimo estudos secundarios supón case a metade do grupo, teñen unha media de 40 anos e traballan, preferentemente, en actividades relacionadas con titulacións de nivel superior. Tamén son numerosos neste grupo os artesáns e traballadores cualificados da industria.

Perfil dos que cambiaron ao castelán

Lugar de nacemento	**Porcentaxe**	**Ocupación**	**Porcentaxe**
En Galicia	81	Forzas armadas	1
Noutra comunidade	6,8	Directivos (empresas e administración)	7,4
Noutro país	12,3	Técnicos de nivel superior	11,5
Xénero		Técnicos de nivel medio	13,9
Home	42	Traballadores de tipo administrativo	8,8
Muller	58	Traballadores dos servizos	16,3
Nivel educativo		Traballadores da agricultura e da pesca	3,5
Ningún	0,5	Artesáns e t. cualificados da industria	19,4
Primarios incompletos	45,8	Operarios da industria	8,8
Primarios completos	18,1	Traballadores non cualificados	9,4
FP	20,4	**Lingua inicial**	
Bacharelato	14,7	Castelán	16,5
Universitarios	0,2	As dúas	15,5
Tamaño do concello		Galego	55,6
Menos de 10.000 habitantes	33,9	Outras	12,4
10.000 a 49.999 habitantes	8,8	**Lingua habitual**	
Máis de 50.000 habitantes	57,4	Só castelán	31,5
Idade		Máis castelán	54,1
Menos de 16	0,0	Máis galego	14,4
16 a 25	17,4	Só galego	0
26 a 40	27,9		
41 a 65	37,7		
Máis de 65	17		

Táboa 9. *Perfil sociolingüístico dos individuos que declararon ter cambiado cara a "máis castelán" ou "só castelán". N = 313*

O perfil sociolingüístico dos suxeitos que nalgún momento decidiron cambiar de lingua a favor do castelán podería resumirse do xeito seguinte: son preferentemente mulleres, naceron en Galicia, aprenderon a falar galego e son, en maior medida, bilingües con predominio do castelán, teñen unha media de idade de 46 anos, viven en cidades, teñen estudos primarios incompletos e traballan, preferentemente, en actividades de tipo artesanal e na industria.

EVOLUCIÓN DA LINGUA INICIAL Á LINGUA HABITUAL

Fronte ao dato segundo o cal o 5,47% dos galegos cambiou de lingua, o cruzamento das variables lingua inicial e lingua habitual infórmanos de que esta proporción é en realidade bastante superior.



Figura 65. *Lingua habitual segundo a lingua inicial*

O 76,7% dos que aprenderon a falar “noutra/s lingua/s”, o 32,6% dos que aprenderon a falar “nas dúas”, o 13,5% dos que aprenderon a falar en castelán e o 6,4% dos que aprenderon a falar en galego empregan habitualmente unha lingua diferente á que adquiriron inicialmente. A porcentaxe global supón o 13,3% da poboación. Na gráfica amósase o maior grao de retención lingüística dos galegofalantes iniciais, pois mentres o 13,4% dos que tiveron o castelán como lingua inicial fala habitualmente galego, só o 6,3% dos galegofalantes iniciais emprega habitualmente o castelán. Como vemos, os galegofalantes iniciais son os que mudan a súa lingua habitual en menor medida. Este feito, xunto coa xeneralidade dos datos que vimos analizando, parece indicar que a dinámica da substitución lingüística non se ve demasiado afectada polo grupo dos que cambian de lingua

habitual, senón que podería atribuírselles a outros fenómenos, como a perda de transmisión interxeracional.

Perfil dos iniciados en castelán que cambiaron ao galego

Do mesmo xeito que antes, obtivemos os perfís dos individuos que teñen unha lingua habitual distinta da súa lingua inicial. A seguir mostramos unicamente as características dos individuos que se iniciaron en castelán e pasaron a utilizar o galego como lingua de expresión normal.

Idade	**Porcentaxe**	**Ocupación**	**Porcentaxe**
Menos de 16	0	Forzas armadas	0,6
16 a 25	20	Directivos (empresas e administración)	7,7
26 a 40	43,1	Técnicos de nivel superior	20,3
41 a 65	30,6	Técnicos de nivel medio	8,4
Máis de 65	6,3	Traballadores de tipo administrativo	13,3
Hábitat		Traballadores dos servizos	12,3
Menos de 10.000	51,6	Traballadores da agricultura e da pesca	6,2
Entre 10.000 e 50.000	8,2	Artesáns e t. cualificados da industria	16,9
Máis de 50.000	40,2	Operarios da industria	8,3
Sexo		Traballadores non cualificados	6
Home	49,2	**Estudos**	
Muller	50,8	Ningún	0,9
		Primarios incompletos	1,1
		Primarios completos	36,3
		FP	12,4
		Bacharelato	21,8
		Universitarios	24,9
		Outros	2,6

Táboa 10. *Composición do grupo dos individuos iniciados en castelán que cambiaron ao galego*

A característica que mellor define a este grupo é a idade, pois o 60% ten menos de 41 anos. A maioría (51,6%) reside en localidades de menos de 10.000 habitantes, aínda que é tamén numerosa a proporción dos que residen en cidades (40,2%). Adícanse preferentemente a traballos de tipo técnico con titulación superior (20,3%), a traballos de tipo administrativo (13,3%) ou a ocupacións relacionadas cos servizos (12,3%), pero tamén son numerosos neste grupo os artesáns e traballadores cualificados da industria (16,9%). Preto do 60% ten, como mínimo, estudos secundarios. Polo que se refire ao xénero, non atopamos diferenzas.

IX. O GALEGO E AS NOVAS TECNOLOXÍAS

A introdución na sociedade das chamadas novas tecnoloxías está a influír na vida das persoas a través dunha serie de cambios non circunscritos exclusivamente ao eido da información ou da comunicación, senón que afectan tamén á estrutura social, económica, laboral e xurídica (Cabero, 2005). As novas tecnoloxías crean novos contornos de comunicación que establecen distintas formas de interacción entre usuarios e entre estes e as máquinas.

Estas novas formas de información e comunicación tamén afectan á lingua e ao seu status. De feito, os redactores do Plan de Normalización da Lingua Galega consideran que as novas tecnoloxías constitúen un sector transversal a todas as áreas. Na introdución a este sector dise "as diferenzas entre linguas maioritarias e minoritarias, oficiais e non oficiais, van quedar substituídas pola diferenza entre linguas con tecnoloxía e linguas sen tecnoloxía" e máis adiante "pódese afirmar que a eficacia neste sector vai ser a clave do futuro da lingua galega" (Xunta de Galicia, 2005: 50). Con todo, non resulta novo relacionar a lingua e as novas tecnoloxías. Romero e Vaquero (1999) advertían no seu traballo *Novas tecnoloxías e usos lingüísticos* que "a situación das diferentes linguas en Internet é un expoñente do desenvolvemento dos respectivos países e esta situación non é estática, senón que pode mudar substancialmente sempre que se deseñen políticas lingüísticas (...) cos necesarios recursos económicos".

A ECVF contiña un módulo específico de "Novas Tecnoloxías" cun tratamento similar ao módulo de "Lingua". Os campos que trataba este módulo eran:

1. Telefonía móbil
2. Ordenador
3. Correo electrónico
4. Internet
5. Comercio electrónico

Os datos máis xenéricos que se obtiñan deste módulo eran que o 49,73% das persoas enquisadas usan o teléfono móbil, sendo a porcentaxe de uso maior (87,60%) no tramo de idade de

20 a 29 anos, cun nivel de estudos superiores (83,74%) e co obxecto de estar localizables por motivos persoais (64,30%).

O 32,32% das persoas galegas usaron o ordenador no 2003, maioritariamente no tramo de idade de 15 a 19 anos (72,74%), con educación superior (72,79%), por motivos persoais (67,65%) e maioritariamente no fogar (68,29%). O 22,99% das persoas conectáronse a internet no ano 2003, o 15,58% teñen correo electrónico e, soamente, o 1,92% fixeron algunha compra por internet.

Partindo da importancia das novas tecnoloxías no futuro da lingua e tendo a oportunidade de utilizar este módulo consideramos interesante utilizar estes datos, xa que non son frecuentes as ocasións en que se poidan analizar conxuntamente datos relacionados coas novas tecnoloxías e sociolingüísticos.

Nunha primeira fase de análise descritiva observouse a relación entre as variables sociolingüísticas e as variables das novas tecnoloxías. Co obxectivo de sintetizar e facer máis visibles os resultados creouse unha variable que definía numericamente os suxeitos polo uso de novas tecnoloxías. Para a súa construción utilizouse a variable principal de usos de cada un dos campos da sección de Novas Tecnoloxías da ECVF, en total cinco variables: “uso do teléfono móbil”, “uso do PC no último mes”, “ter conta de correo electrónico”, “conectarse a internet nos últimos tres meses” e “comprar por internet algunha vez”. A nova variable chamámola “Uso das novas tecnoloxías”. O “Uso das novas tecnoloxías” ten tres niveis definidos do seguinte xeito: 1 (nada), 2 (algo) e 3 (moito). Para que se estimase que un individuo utilizaba “algo” as novas tecnoloxías tiña que ter unha puntuación de 1 ou 2 sumando a puntuación de todas as variables anteriores. Para estar categorizado como “moito” tiña que ter unha puntuación superior a 2 e para estar na parte do rango etiquetada como “nada” o suxeito levaría unha puntuación igual a cero. Para esta recategorización tivemos en conta a distribución de frecuencias da variable.

A distribución da variable podémola ver na figura 66. O 42,9% da poboación non ten teléfono móbil, non utilizou o PC nos últimos tres meses, non ten conta de correo electrónico, non se conectou a internet nos últimos tres meses e non fixo nunca ningunha compra por internet. O 36,2% utilizou algo as novas tecnoloxías e o 20,9% emprégaas moito.



Figura 66. *Distribución de frecuencias de uso das novas tecnoloxías*

Para rematar analizamos o efecto que tiña a variable "lingua habitual" na nova variable. Posteriormente controlamos o efecto das variables: "sexo", "idade", "lingua da escrita" e "nivel educativo". Debido ao gran número de niveis desta última, recodificámola e quedou do seguinte xeito: sen estudos, primarios, secundarios e universitarios.

Para analizar estes efectos utilizamos varias análises loglineais e Chi-cadrado con residuos estandarizados, verificando esta última que as frecuencias observadas eran significativamente iguais ás frecuencias esperadas.

Nas primeiras análises observamos as correlacións entre a variable "Usos das novas tecnoloxías" e variables sociodemográficas e sociolingüísticas. Os resultados indicaban que a variable que tiña maior peso neste constructo era a idade (R^2=-518, p<0,0001), seguida por nivel educativo (R^2=493, p<0,0001) e nivel ocupacional (R^2=417, p<0,0001). En definitiva, as persoas que máis utilizan as novas tecnoloxías son os máis novos, cun nivel educativo alto e unha boa situación laboral.

Afondando nas variables sociolingüísticas atopamos unhas correlacións altas coa variable de lingua habitual (R^2=-376, p<0,0001) e algo menos coa de lingua inicial (R?=-367, p<0,0001). Estas correlacións son importantes e significativas, incluso superiores a outras variables sociodemográficas, hipoteticamente máis importantes como, por exemplo, o tamaño da poboación do concello onde vive.

Os resultados indican que aqueles suxeitos que falan habitualmente só galego ou máis galego teñen unha probabilidade maior de non usar novas tecnoloxías ou usalas en menor medida que os

que falan só castelán ou máis castelán. Como observamos na gráfica, o grupo que ten máis usuarios avanzados nas novas tecnoloxías (aqueles incluídos no corte “moito”) son os bilingües con predominio do castelán e os que menos son os monolingües en galego. Do mesmo xeito é nestes mesmos grupos onde se atopan, esta vez na proporción contraria, os suxeitos que non usan as novas tecnoloxías. O dato máis contundente é o que mostra que o 65% dos monolingües en galego non usa nada as novas tecnoloxías.



Figura 67. *Uso das novas tecnoloxías segundo a lingua habitual*

Para asegurarnos que este resultado non se atopa afectado por outro tipo de variables non contempladas na análise, introducimos as variables de: idade, sexo, lingua da escrita e nivel de estudos. Os resultados indican que a dirección do efecto mantense.

Despois de realizar a análise de frecuencias fixemos unha análise de correspondencias utilizando as variables lingua habitual e novas tecnoloxías co fin de que fora máis visual a relación entre as dúas variables.

A análise de correspondencias deu como resultado unha dimensión que explicaba o 0,986 da varianza. Polo tanto, a figura de resultados interprétase na dimensión horizontal. Coa gráfica vemos claramente a relación da categoría “moito” cos niveis de máis e só castelán. As persoas que se expresan habitualmente en “só galego” están relacionadas coa categoría de “nada” na variable de

uso das novas tecnoloxías. Por último, a categoría de “máis galego” está relacionada coa categoría de “algo”, non obstante esta relación ten pouco peso na análise. En definitiva, as persoas que se expresan en castelán están relacionadas cun gran uso das novas tecnoloxías en contraposición ás persoas que se expresan en galego, sobre todo en “só galego”, que utilizan algo ou nada as novas tecnoloxías.



Figura 68. *Análise de correspondencias entre lingua habitual e novas tecnoloxías*

Os resultados atopados nesta sección confirmarían unha parte das conclusións sobre estereotipos de falantes constatados polo Seminario de Sociolingüística (2003). Nesta investigación demostrábase a existencia duns estereotipos de falantes no imaxinario colectivo onde se vincula as persoas que se expresen cunha fonética castelá con características de personalidade asociadas á modernidade, ao contrario das persoas que se expresan cunha fonética galega. Como acabamos de ver, os resultados identifican efectivamente o uso de novas tecnoloxías cos falantes de castelán. Os falantes de galego estarían asociados a un nulo ou escaso uso das novas tecnoloxías, é dicir, non estarían asociados ás características de modernidade.

X. PERFÍS DE FALANTES EN GALICIA

Nos capítulos precedentes observamos a relación entre certas variables sociais, como a idade, o tamaño do hábitat de residencia ou a ocupación, e a lingua habitual. As relacións descritas

ata o momento eran bivariadas; é dicir, víase a asociación que había entre elas comparando pares de variables. Dada a cantidade e rigor da información sociolóxica que contiña a ECVFG, este estudo estableceu como obxectivo a procura dun modelo formal que axudara a establecer os diferentes perfís de falantes que existen na nosa comunidade. Con este fin, analizouse o tipo de variables sociais e educativas que puideran definir a estes falantes para posteriormente determinar como se distribuían os diferentes niveis das variables entre os perfís. Para conseguir este obxectivo partimos dun modelo *ad hoc* determinado por investigacións anteriores (cf. Seminario de Sociolingüística, 1994, 1995, 2003) e polos resultados obtidos nas primeiras análises. O transcurso das análises determinou a súa idoneidade e as modificacións que se houberon de realizar no modelo inicial.

A técnica de análise seleccionada para acadar ese obxectivo foi a denominada "análise de homoxeneidade" ou HOMALS (análise de homoxeneidade mediante mínimos cadrados alternantes). O obxectivo desta análise é describir relacións entre dúas ou máis variables nominais nun espazo de poucas dimensións, no que aparecerán representadas as categorías das variables, así como os obxectos pertencentes ás categorías. Os obxectos pertencentes a unha mesma categoría de variables represéntanse próximos uns a outros, mentres que os obxectos de diferentes categorías represéntanse distantes.

Nas análises iniciais introducíronse todas aquelas variables que, intuitivamente, poderían axudar a clasificar os falantes dunha e doutra lingua. Descartouse a meirande parte delas porque non cumprían os requisitos estatísticos mínimos para formar parte do modelo. Na última etapa das análises, as variables que resistiron o axuste do modelo foron:

- Lingua habitual
- Tamaño do municipio
- Nivel educativo
- Idade
- Lingua das clases
- Ocupación

O axuste final deste modelo resultou bastante aceptable, pois explicaba o 75% da varianza.

Cómpre sinalar que foi imprescindible desbotar desta análise os menores de 16 anos xa que, ao non ter a idade mínima para traballar, aparecían nas análises da variable "ocupación" como

casos perdidos. Esta circunstancia obrigaría a desprezar a variable "ocupación" de non se acoutar a idade, polo que se optou por isto último.

Obtivéronse dúas dimensións, das que soamente unha (a horizontal, no eixo da x.) amosa relevancia para a representación da lingua habitual e, por tanto, para a elaboración dos perfís de falantes. As variables de maior importancia nesta dimensión son, por esta orde: a lingua habitual, o nivel educativo, a idade e o tamaño do municipio. A lingua en que se recibiron as clases e a ocupación tamén teñen peso, pero nunha menor medida (ver táboa 10).

	Dimensión	
	1	2
Lingua habitual	,701	,057
Escala ocupacións	,270	,170
Nivel educativo	,578	,243
Tamaño do municipio	,401	,088
Lingua das clases	,298	,726
Idade (sen menores de 16)	,445	,517

Táboa 11. *Contribución das variables ao modelo: medidas de discriminación*

A variable fundamental que define os diferentes perfís de falantes é a "lingua habitual". Os niveis que resultaron importantes dentro desta variable foron "só castelán" e "máis castelán" fronte a "só galego". No nivel de "máis galego" non obtivemos un perfil homoxéneo, polo que esta categoría non amosou peso nesta análise.

		Cuantificacións de categorías	
	Frecuencia marxinal	Dimensión	
		1	2
Só castelán	3082	**1,112**	,328
Máis castelán	3111	**,974**	-,447
Máis galego	3246	,077	,043
Só galego	8466	**-,831**	-,090
Perdidos	114		

Táboa 12. *Contribución das categorías da variable "lingua habitual" á explicación das dimensións*

Unha vez analizada a influencia da lingua habitual no modelo, e a súa importancia para definir a dimensión horizontal, cumpría definir as relacións entre os valores desta e os das restantes variables contempladas.

A seguinte variable en importancia no modelo é o “nivel educativo”, os niveis orixinais da variable foron recodificados nunha escala máis curta e sinxela. Os niveis resultantes foron: “ningún”, “primarios incompletos”, “primarios completos”, “FP”, “Bacharelato” e “universitarios”. Observando os pesos dos niveis desta variable vemos que “ningúns” e “primarios incompletos” teñen unha maior importancia no sector máis relacionado con “só galego”, mentres que “Bacharelato”, “FP” e “universitarios” pesan máis no sector relacionado con “máis castelán” e “só castelán”. O nivel de “primarios incompletos” ten un peso pequeno, por tanto non é relevante para a análise.

		Cuantificacións de categorías	
	Frecuencia marxinal	Dimensión	
		1	2
Ningún	490	**-2,151**	,109
Primarios incompletos	9720	**-,421**	,119
Primarios completos	2837	-,074	-,118
FP	1447	**1,117**	-1,120
Bacharelato	1654	**1,622**	1,182
Universitarios	206	**,506**	-,549
Perdidos	1665		

Táboa 13. *Contribución das categorías da variable “nivel de estudos” á explicación das dimensións*

Respecto á idade, a análise realizada amosa que o uso preferente ou exclusivo do castelán está asociado aos grupos de 16 a 35 anos e, en menor medida, aos de 36 a 45. O uso do galego asóciase, pola contra, aos maiores de 55, e especialmente aos maiores de 65. As persoas de 46 a 55 non teñen un perfil que se adscriba con claridade a algunha lingua.

		Cuantificacións de categorías	
	Frecuencia marxinal	Dimensión	
		1	2
16 a 25	2387	**,762**	-1,692
26 a 35	2283	**,832**	-,004
36 a 45	2455	**,358**	,463
46 a 55	2504	-,028	,599
55 a 65	2315	**-,463**	,569
Máis de 65	4481	**-,972**	,264
Perdidos	1594		

Táboa 14. *Contribución das categorías da variable “idade” á explicación das dimensións*

Por outro lado, a variable "tamaño do municipio" indica que as opcións castelanfalantes da lingua habitual están asociadas á residencia en localidades urbanas, mentres que a opción "só galego" engloba os que viven no rural. As localidades de tamaño medio non teñen peso no modelo, non aparecendo asociadas a unha ou outra opción lingüística.

		Cuantificacións de categorías	
	Frecuencia marxinal	Dimensión	
		1	2
Menos de 10.000 persoas	10206	**-,533**	-,286
Entre 10.000 e 50.000 persoas	1826	,009	-,087
Máis de 50.000 persoas	5987	**,850**	,351
Perdidos	0		

Táboa 15. *Contribución das categorías da variable "tamaño do municipio" á explicación das dimensións*

A análise da contribución da variable "lingua das clases" ao modelo indica que os que tiveron maior presenza do galego nas clases están asociados ao uso de "só galego" como lingua habitual. Por outro lado, os que recibiron as clases "maioritariamente en castelán" están asociados ao uso do castelán, sobre todo na súa opción monolingüe. Un dato que merece consideración nesta análise é a asociación existente entre recibir as clases exclusivamente en castelán e o uso habitual do galego. O motivo desta asociación non pode ser outro que a intervención da variable "idade" na relación entre ambas. Ao estar excluída a lingua galega do sistema educativo ata as xeracións máis novas, as persoas de maior idade, maioritariamente galegofalantes, recibiron as clases exclusivamente en castelán.

		Cuantificacións de categorías	
	Frecuencia marxinal	Dimensión	
		1	2
Todas en galego	946	-1,345	-,453
Maioritariamente en galego	1811	-,112	-2,110
Maioritariamente en castelán	4114	,885	-,655
Todas en castelán	10066	-,202	,552
Perdidos	1082		

Táboa 16. *Contribución das categorías da variable "lingua das clases" á explicación das dimensións*

Polo que se refire á variable ocupación, a análise realizada amosa que as profesións asociadas ao uso habitual do castelán son as seguintes: técnicos e profesionais científicos, técnicos e profesionais de apoio, empregados administrativos, membros das forzas armadas, persoal na dirección

da administración, medianos e grandes empresarios e, nun grao menor, traballadores dos servizos. Por outro lado, asociados ao uso exclusivo do galego están os traballadores da agricultura e da pesca.

	Frecuencia marxinal	Cuantificacións de categorías Dimensión 1	2
Directivos da administración	8	1,100	1,276
Medianos e grandes empresarios	106	,781	1,175
Pequenos empresarios	75	,131	,433
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	715	1,806	1,927
Técnicos e profesionais de grao medio	617	1,207	,233
Empregados de tipo administrativo	448	1,122	,042
Traballadores dos servizos	1233	,386	-,035
Traballadores da agricultura e pesca	884	-,909	,217
Artesáns e traballadores especializados na industria	1354	-,031	-,270
Operadores industria	795	-,014	-,221
Traballadores non cualificados	739	-,001	-,163
Forzas armadas	41	1,424	-,320
Perdidos	11.014		

Táboa 17. *Contribución das categorías da variable "ocupación" á explicación das dimensións*

A representación conxunta dos resultados podémola visualizar no mapa perceptual (Fig. 69).

O mapa perceptual indícanos que o perfil dun castelanfalante monolingüe sería o dun individuo con estudos de bacharelato, cunha idade comprendida entre os 26 e os 35 anos, que reside nunha localidade con máis de 50.000 habitantes (en consecuencia, nunha das sete cidades galegas), que recibiu as clases maioritariamente en castelán e que ten un traballo de tipo técnico ou profesional de grao medio ou ben de tipo administrativo.

O perfil dun bilingüe con predominio do castelán cambia sensiblemente. Sería o dunha persoa con estudos universitarios ou de FP, cunha idade comprendida entre os 16 e os 25 anos, que reside nunha cidade e recibiu as clases maioritariamente en castelán. Os únicos profesionais asociados a este perfil de falante son os membros das forzas armadas.

Por último, o perfil dun galegofalante monolingüe sería o dun individuo con estudos primarios incompletos, que reside nunha localidade con menos de 10.000 habitantes, maior de 55 anos (e, sobre todo, de 65), que recibiu as clases totalmente en castelán ou ben totalmente en galego e que está ocupado na agricultura ou na pesca.



Figura 69. *Mapa perceptual do perfil dos falantes segundo a análise de homoxeneidade*

Os datos atopados suxiren a posible existencia dun perfil oculto. O motivo podería estar na interferencia dalgunha variable no modelo; de aí a non aparición dun perfil de persoas que se categorizaran como falantes de “máis galego”. A hipótese inicial era que o peso dos falantes de “só galego” escurecía a presenza do perfil de “máis galego”. Polo tanto, decidimos realizar unha nova análise prescindindo das persoas cuns estudos inferiores ao nivel secundario; é dicir, aqueles que soamente cursaron “primarios incompletos” e “primarios completos”, característica claramente asociada ao perfil de “só galego”. O modelo resultante desta análise explica o 72% da varianza.

O modelo final está composto por dúas dimensións onde a lingua habitual, se ben pesa nas dúas, ten máis importancia na segunda. A idade e o tamaño do municipio seguen mantendo a súa

importancia neste modelo e gaña peso a lingua das clases. A ocupación ten, non obstante, menor importancia que o resto das variables.

	Dimensión	
	1	2
Lingua habitual	,327	,446
Lingua das clases	,581	,299
Idade	,571	,376
Escala ocupacións	,164	,147
Tamaño do municipio	,378	,323

Táboa 18. *Contribución das variables ao modelo: medidas de discriminación*

Analizando a dimensión 2, representada pola variable "lingua habitual", atopamos unha diferenza fronte á análise anterior: o nivel de "máis galego" ten un peso importante. As categorías asociadas ao castelán aparecen contrapostas ás de galego.

		Cuantificacións de categorías	
	Frecuencia marxinal	Dimensión	
		1	2
Só castelán	1083	-,675	,366
Máis castelán	1076	,043	,606
Máis galego	537	,319	-,463
Só galego	596	,947	-1,176
Perdidos	27	1594	

Táboa 19. *Contribución das categorías da variable "lingua habitual" á explicación das dimensións*

A variable "lingua das clases" obtén un peso importante nesta análise, de feito a dimensión 1 está determinada por esta variable acompañada por "idade". Esta circunstancia resulta coherente coa introdución do galego no ensino nos últimos anos.

		Cuantificacións de categorías	
	Frecuencia marxinal	Dimensión	
		1	2
Todas en galego	40	1,140	-1,925
Maioritariamente en galego	215	1,825	-,013
Maioritariamente en castelán	1229	,640	,681
Todas en castelán	1613	-,638	-,413
Perdidos	222		

Táboa 20. *Contribución das categorías da variable "lingua das clases" á explicación das dimensións*

A análise da variable "idade" segue tendo un peso moi importante na elaboración dun perfil de falantes. A tendencia segue a ser a obtida na análise anterior, aínda que a situación dos pesos non é tan clara. A causa é a filtraxe do sector da poboación asociado ás persoas de maior idade. Un dos datos que reflicte claramente isto é a asociación entre persoas de menor idade e os falantes de castelán, mentres que os falantes de galego están máis relacionados con persoas de maior idade. De feito, os que se declaran bilingües con predominio do galego estarían asociados a un perfil de persoas de mediana idade e, como vimos, os falantes de "só galego" teñen un perfil de persoas de maior idade.

	Frecuencia marxinal	Cuantificacións de categorías Dimensión 1	2
16 a 25	879	1,078	,804
26 a 35	823	,141	,339
36 a 45	713	-,296	-,497
46 a 55	493	-,667	-,884
55 a 65	194	-1,090	-,158
Máis de 65	194	-1,281	-,315
Perdidos	0		

Táboa 21. *Contribución das categorías da variable "idade" á explicación das dimensións*

O "tamaño do hábitat" segue a ser unha variable de gran repercusión na elaboración dos perfís de falantes. Despois de deixar claramente determinada na análise anterior a relación entre as opcións favorables ao castelán ("máis castelán" e "só castelán") a ámbitos urbanos, por unha parte, e de "só galego" a zonas rurais, decidimos afinar os perfís, máis minoritarios, de "máis galego" e "máis castelán". As persoas falantes de "máis galego" seguen asociadas ao rural, mentres tamén existe outro perfil de falantes de "máis castelán" relacionado coas zonas vilegas.

	Frecuencia marxinal	Cuantificacións de categorías Dimensión 1	2
Menos de 10.000 persoas	1258	,793	-,696
Entre 10.000 e 50.000 persoas	295	,297	,563
Máis de 50.000 persoas	1766	-,554	,458
Perdidos	0		

Táboa 22. *Contribución das categorías da variable "tamaño do hábitat" á explicación das dimensións*

A variable “ocupación” segue sen ter unha importancia predominante fronte á “idade” ou ao “tamaño do hábitat”. Isto pode estar influído pola perda de moitos casos nesta pregunta. Aínda así, podemos observar algúns datos interesantes, como que os “pequenos empresarios”, “técnicos de grao medio” ou “traballadores das forzas armadas” están vinculados ao castelán. Mentres que o perfil de “dirección” e ”medianos e grandes empresarios”, por unha banda, e “traballadores na agricultura e pesca”, operarios da industria”, “artesáns e operarios da industria” ou “traballadores dos servizos” aparecen asociados ao galego.

	Frecuencia marxinal	Cuantificacións de categorías	
		Dimensión	
		1	2
Directivos da administración	6	,055	-1,498
Medianos e grandes empresarios	59	-,956	-,939
Pequenos empresarios	19	-,324	,046
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	689	-,537	-,151
Técnicos profesionais de grao medio	297	-,501	,199
Empregados de tipo administrativo	217	-,198	-,082
Traballadores dos servizos	267	,247	-,222
Traballadores da agricultura e pesca	34	1,294	-2,957
Artesáns e traballadores cualificados da industria	109	,563	-,457
Operadores industria	92	,832	-,723
Traballadores non cualificados	91	,601	-,052
Forzas armadas	23	-,141	,738
Perdidos	1416		

Táboa 23. *Contribución das categorías da variable “ocupación” á explicación das dimensións*

Este novo mapa perceptual mostra perfís que non se podían ver na análise anterior. Os perfís novos refírense, sobre todo, aos que se expresan en “máis galego”. Os falantes desta opción, a pesar de ser menos numerosos e menos definidos ca os de “só galego”, dannos unha información importante. Este perfil estaría determinado por pertencer ao rural, ser de mediana idade, ter profesións relacionadas coa industria (operarios, artesáns, traballadores cualificados da industria) ou servizos. Outro novo perfil que atopamos relaciona “máis castelán” cos suxeitos residentes en vilas, de 16 a 25 ou 26 a 35 anos, que recibiron clases maioritariamente en castelán e que non aparecen asociados a unha profesión, quizais por estaren estudando. Tamén atopamos unha relación, aínda que débil, entre falantes de “máis galego” e “só galego” con “directivos da administración” cando os seus estudos son superiores.

XI. CONCLUSIÓNS

Presentamos neste traballo unha explotación da información sociolingüística contida na *Enquisa de Condicións de Vida das Familias Galegas*, levada a cabo polo Instituto Galego de Estatística en 2003; e amosamos, no caso dalgúns indicadores sociolingüísticos concretos, unha comparanza entre estes resultados e aqueloutros recollidos en 1992 no *Mapa Sociolingüístico de Gali-*



Figura 69. *Mapa perceptual do perfil dos falantes segundo a análise de homoxeneidade*

cia, elaborado polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Tocante aos resultados do IGE-2003, a amplitude e variedade da súa base de datos levounos a ir máis alá do que se realiza habitualmente neste tipo de investigacións demolingüísticas, sobre todo nas feitas ata agora en Galicia, e optouse por afondar na descrición de sectores sociais clave nas dinámicas actuais da produción e reprodución da lingua galega: as cidades de Galicia, a clase media ou a cuestión lingüística centrada nos perfís profesionais. Noutros casos optouse por apuntar certas liñas tendenciais en áreas de actividade nas cales non existía ata agora información lingüística cuantitativa relevante, como é o caso das novas tecnoloxías.

Tocante á comparanza cos datos do MSG-1992, a semellanza metodolóxica entre ambos os traballos permítenos levar a cabo un seguimento diacrónico nas magnitudes principais no que se refire aos usos lingüísticos, lingua inicial e competencia lingüística, e este foi o contido do capítulo II, de maneira que, á espera de que a Real Academia Galega actualice os resultados do MSG, poñemos á disposición dos lectores interesados unha análise actualizada e comparativa dos ditos indicadores sociolingüísticos. Quedou fóra necesariamente o apartado dedicado ás actitudes lingüísticas, dado que non foi contemplado no cuestionario do IGE-2003.

Se principiamos polo capítulo II, centrado nunha descrición sociolingüística xeral, constatamos que a lingua galega en 2003 segue sendo a máis utilizada en Galicia. No período que vai dende 1992 –datos do MSG– a 2003 –datos da ECVFG–, o seu uso decreceu, pero sen que esa diminución impida que continúe a ser a lingua máis usada. O grupo máis numeroso é o dos falantes monolingües en galego. Detéctase unha tendencia cara ao monolingüismo, crecendo máis a porcentaxe de falantes monolingües en castelán ca a de individuos monolingües en galego. Débese salientar o descenso na porcentaxe de bilingües con predominio do galego, que é unha das causas que, sen dúbida, axuda a explicar a baixada xeral do galego.

Tendo en conta a variable da idade, o galego como lingua habitual segue descendendo conforme diminúe a idade dos individuos, nunha tendencia que xa se puña claramente de manifesto no MSG-92. Aínda así, e malia as reservas necesarias, a tendencia é a que ese descenso se estabilice. Podemos estar ante unha situación en que a perda de falantes estea a tocar fondo. Estes datos, que son esperanzadores, deberían corroborarse no futuro con outros estudos posteriores. O grupo que máis claramente marca esta tendencia é o dos monolingües en galego, que xa non perde falantes, senón que mesmo recupera algúns, aínda que moi levemente, na xeración máis nova de individuos.

Considerando agora a variable do sexo, as mulleres teñen, en xeral, unha tendencia máis proclive ao uso do castelán, pero non se mostrou ningunha evolución relevante nos once anos que van desde o MSG-1992 ao IGE-2003.

A continuación obsérvase que a presenza do galego descende lixeiramente en todos os tipos de hábitats. Aínda así, a cidade –núcleos de poboación de máis de 50 mil habitantes– é o hábitat onde crecen proporcionalmente máis os monolingües en galego e onde aumentan menos, tamén proporcionalmente, os monolingües en castelán.

Malia que o galego descende en todos os usos familiares, a lingua cos fillos é a que menos descende. A parella segue sendo un tipo de interlocutor que favorece considerablemente a utilización do castelán.

No tocante á transmisión lingüística primaria, hoxe hai menos falantes iniciais de galego que hai once anos, pero o galego segue sendo a lingua inicial da maioría. Por idades, existiu unha tendencia histórica a que cada xeración perdese falantes iniciais de galego, tendencia que parece remitir nos individuos máis novos. Como ocorre cos usos lingüísticos, parece que a sociedade galega tende a non perder máis falantes iniciais.

No período 1992-2003 constatamos un aumento moi importante das competencias escritas, dobrándose a poboación que declara escribir ou ler *ben* ou *moi ben*. A influencia que está a exercer o ensino parece resultar determinante na evolución destes indicadores, pero tamén se detecta o aumento das competencias en galego dos que non foron á escola. Os que declaran ter altas competencias na lectura case igualan ao numero dos que din falar *ben* ou *moi ben*. Malia isto, cómpre destacar que os individuos máis novos teñen unhas mellores competencias lectoras ca orais, sendo mesmo superados nesta última destreza polos individuos non escolarizados, o que pode indicar que as destrezas orais en galego non están constituíndo un obxectivo prioritario no sistema educativo.

No capítulo III centrámonos na relación entre escola e lingua galega. Malia tratarse aínda dun ámbito moi castelanizado, a introdución do galego na escola fixo que esta sufrise unha evolución moi positiva. Así, o uso do galego nas aulas e nos exames aumenta conforme baixa a idade dos entrevistados. Ademais, a media da lingua das clases en Galicia está fortemente relacionada coa lingua habitual do alumnado, falándose máis galego nas aulas dos individuos que falan galego e menos naquelas en

que o alumnado presente fala preferentemente castelán. Este semella ser un dos resultados dun modelo lingüístico educativo de conxunción de linguas, tal como se concibe e se aplica en Galicia.

A escola parece non influír nos cambios de lingua habitual nun sentido claro. Divídense por igual aqueles que cambiaron de lingua por mor da escola e escolleron o galego e aqueles que preferiron empezar a falar castelán.

No capítulo IV trátase a situación da lingua no ámbito laboral. Neste ámbito, as profesións máis castelanizadas son aquelas relacionadas coas forzas armadas e a xustiza. Os empresarios, os profesionais sanitarios e os dependentes dos comercios están moi relacionados co castelán, excepto cando falan con subordinados, clientes ou pacientes, onde se recollen unhas medias sensiblemente máis favorables para o galego. Os docentes tamén falan preferentemente castelán, malia que o seu ámbito laboral tende a galeguizar nalgunha medida os seus usos lingüísticos no traballo. Os profesionais do transporte e da metalurxia, os comerciantes, os traballadores da hostalería, os directivos da administración e os pequenos empresarios falan preferentemente máis galego ca castelán, pero baixan a media da súa lingua habitual cando falan con superiores. As profesións que usan máis o galego son, por esta orde, os hostaleiros, os traballadores da alimentación e o téxtil, os profesionais da construción e os que conforman o grupo dos traballadores da agricultura, da minaría e da pesca. Todos eles tenden a castelanizarse en interacción con superiores e clientes, salvo no caso dos traballadores da pesca e da agricultura.

No capítulo V preséntanse os resultados dunha análise monográfica das sete cidades galegas. Tendo en conta a lingua inicial, as cidades en que aqueles que aprenderon a falar en castelán constitúen o grupo máis numeroso son, de menor a maior e por este orde, as seguintes: Ferrol, Vigo, A Coruña e Santiago. Pola contra, Lugo, Ourense e Pontevedra, na mesma orde, son as cidades onde os falantes iniciais de galego son o grupo principal. En canto ás competencias lingüísticas, cómpre sinalar que as destrezas dos falantes son semellantes en todas as cidades e, de feito, parécense ás de todos os galegos. As diferenzas parecen estar relacionadas coa lingua habitual, xa que atopamos mellores competencias orais nas cidades onde a lingua habitual é maioritariamente o galego. As cidades en que o grupo maioritario é monolingüe en castelán son, por esta orde: A Coruña, Vigo, Santiago e Pontevedra. En Ferrol son maioría os bilingües con predominio do castelán, pero a suma deste grupo cos monolingües en castelán rolda o 70%. Lugo e Ourense son as cidades más galeguizadas.

Xa que logo, puidemos constatar a existencia de perfís lingüísticos diferenciados no urbano galego, que non coinciden exactamente cos perfís que foran elaborados a partir da información do

MSG-1992. Tendo en conta os datos do IGE-2003, as diferenzas atopadas suxiren a importancia que teñen dinámicas de diversa índole –sociodemográfica, socioeconómica e político-cultural– na explicación dos factores sociolingüísticos.

O capítulo VI estivo centrado na descrición do perfil sociolingüístico das clases medias de Galicia, sector social que se erixe en motor da modernización e en axente dos principais cambios sociais. Observamos que as clases medias urbanas, colectivo de indubidable relevancia no futuro do galego, teñen unha tendencia algo máis castelanizadora ca o conxunto de habitantes das cidades. Na análise individual de cada un dos sete núcleos urbanos máis poboados de Galicia observamos que, agás en Vigo e en Pontevedra, onde a clase media fai un uso lixeiramente maior do galego, existe unha tendencia lixeiramente castelanizadora, pese que a varianza é, en xeral, pequena.

No capítulo VII realizamos unha aproximación á situación sociolingüística da inmigración residente en Galicia, incluíndo na condición de inmigrante as persoas residentes en Galicia que naceran fóra dela –ben no resto de España, ben no estranxeiro. A porcentaxe de residentes en Galicia que naceron fóra foi o 8% do conxunto da poboación. A maioría dos inmigrantes, tanto os nacidos en España coma no estranxeiro, aprenderon a falar en castelán. Aínda así, este colectivo ten, en xeral, unhas boas competencias en galego, entendendo case todos o galego falado e sendo unha pequena minoría os que non son capaces de falalo. As dificultades son maiores nas competencias escritas, pero resulta curioso constatar que os inmigrantes declaran escribir e ler galego nunha medida moi parecida aos nados en Galicia. Tocante á lingua habitual, a maioritaria é o castelán, sobre todo entre os que naceron nunha comunidade autónoma española distinta de Galicia. Entre os nados no estranxeiro, máis da terceira parte fala exclusiva ou preferentemente galego.

O capítulo VIII permitiunos tratar a cuestión dos individuos que cambiaron de lingua habitual durante o seu ciclo vital. Os individuos que declaran ter cambiado de variedade habitual son moitos menos do que se esperaba, tendo en conta neste sentido os datos manexados no MSG-1992. Coa información procedente do IGE-2003, dos que manifestaron cambiar de lingua habitual, a maioría declarou facelo cara ao galego, en maior ou menor medida, pese a que as diferenzas cos que se decantaron polo castelán son pequenas. Os que se decantaron por prácticas monolingües tamén o fixeron en maior medida cara ao galego. Con todo, a tendencia maioritaria é á incorporación dunha segunda lingua no repertorio dos falantes, é dicir, cambiar dun uso monolingüe dalgunha das linguas –galego ou castelán– a un uso bilingüe. A maioría dos que cambiaron de lingua habitual manifestaron facelo por razóns persoais.

Comparando a lingua inicial dos individuos coa súa lingua habitual, observamos que o continxente de individuos que modificou as súas prácticas lingüísticas en comparación coa lingua inicial (aproximadamente o 13% da mostra) conforma un grupo sensiblemente maior ca os que declararon abertamente que cambiaran de lingua (aproximadamente o 5,5% da mostra). Desta análise despréndese que os falantes que mudan menos de lingua son, curiosamente, os galegofalantes iniciais, o que obriga a repensar a contribución dos suxeitos que cambian de lingua durante a súa vida ao proceso de substitución lingüística.

No capítulo IX centrámonos en describir a interacción entre variables asociadas coas novas tecnoloxías e a lingua galega, sendo este un tema que nunca ata agora recibira atención desde unha perspectiva cuantitativa. En canto ao uso de novas tecnoloxías constatamos, consonte tópicos ben coñecidos, que aqueles suxeitos que falan habitualmente só galego ou máis galego teñen unha probabilidade maior de non ter acceso a elas. As novas tecnoloxías seguen relacionadas, case exclusivamente, co castelán.

E finalmente, no capítulo X, levamos a cabo unha aproximación ao perfil lingüístico dos falantes galegos maiores de 16 anos. Aproveitando a amplitude e a riqueza da información sociolóxica, demográfica e sociolingüística da base de datos do IGE-2003, procurouse a finalidade de determinar as variables –e as categorías dentro de cada variable– que axudasen a delimitar perfís homoxéneos de falantes. A técnica estatística utilizada foi a *análise de correspondencias* (tamén denominada de *homoxeneidade*). Trátase dunha técnica de análise multivariable cuxa finalidade é representar graficamente a estrutura de relacións de dúas ou máis variables cualitativas mediante mapas de posicionamento, avaliando as distancias que as separan.

As variables que axudan a determinar en maior medida o perfil lingüístico dos individuos galegos son, por esta orde, a lingua habitual, o nivel educativo, a idade e o tamaño do municipio en que viven. A lingua das aulas e a ocupación teñen tamén relevancia na concreción do perfil lingüístico, pero en menor medida ca as anteriores.

Esta análise de homoxeneidade permitiunos mostrar as características principais do perfil sociolingüístico diferenciado dos castelanfalantes monolingües, dos bilingües con predominio do castelán, dos bilingües con predominio do galego e dos galegofalantes monolingües.

A situación que describimos pode resumirse en dous achados principais. En primeiro lugar, podemos constatar que moitas situacións consideradas ameazantes para o galego seguen unha evolución negativa, amosando os datos unha tendencia semellante á recollida en traballos anteriores e algúns fenómenos que xa resultan tópicos, sobre todo os que relacionan o galego co atraso e a ruralidade, parecen non desaparecer. Esta situación reflicte nalgunha medida unha actitude xeral da sociedade civil e dos axentes implicados na promoción do galego que cualificariamos de frustrante. En segundo lugar, debemos constatar que hai moitos feitos que parecen indicar que algo está a cambiar. Vimos como a mocidade parece frear o descenso do galego e atopamos datos espallados ao longo das análises que resultaron sorprendentes por positivos, poñéndose de manifesto por primeira vez en investigacións feitas en Galicia. Esta conxuntura, responsabilidade tamén dos mesmos actores que citabamos, constitúe unha esperanza para o galego e debe ser o punto de partida do renacer do noso ben cultural máis prezado: a lingua.

XII. BIBLIOGRAFÍA

Andrés, J. e J. García (1991), “El nivel de estudios como factor explicativo del desempleo, de los ingresos y de la movilidad laboral”. *Papeles de trabajo*. Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, 8-91.

Ayala, L. e J.I. Palacio (2000), “Hogares de baja renta en España: caracterización y determinantes”, *Revistas de Economía Aplicada*, vol. III, n.º 23, 35-70.

Ayestarán Aranaz, M. e S. de la Cueva (1974), “Un análisis sociológico de la galleguidad y del conflicto lingüístico gallego”, en *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974 (galleguidad y conflicto lingüístico gallego)*, Sevilla, Instituto de Ciencias de la Familia.

Bouzada, X. (1993), “A lingua galega no sector dos servicios ou as racionalidades, dilemas e paradoxos presentes nos usos cotiáns da lingua galega”, *Cadernos de Lingua* 8, 5-18.

Bouzada, X. (2005), “Cambio de valores e o futuro da lingua”, *Grial* 165, 80-93.

Bouzada, X.M. & A.M. Lorenzo (1990), “A lingua galega nas actividades económicas e comerciais”, *Grial* 107, 307-33.

Bouzada, X.M. & A.M. Lorenzo (1992), “Os comportamentos lingüísticos no mundo do traballo”, *Análise Empresarial* 14, 69-73.

Bouzada, X.M. & A.M. Lorenzo (1997), *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Cabero Almenara, J. (2005), “Nuevas tecnologías, comunicación y educación” *Edutec: Revista electrónica* 1, 2-12.

Censo de Poboación e Vivendas (1991), *Coñecemento e uso do idioma galego*, Santiago de Compostela, IGE.

Censo de Poboación e Vivendas (2001), *Coñecemento e uso do idioma galego*, Santiago de Compostela, IGE.

Centro de Investigaciones Sociológicas (1994), *Conocimiento y uso de las lenguas en España*, Madrid, CIS.

Centro de Investigaciones Sociológicas (1999), *Conocimiento y uso de las lenguas en España*, Madrid, CIS.

Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais (2001), S*ituación da lingua galega no concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Dirección Xeral de Política Lingüística (1998), *Estudio sobre o uso do idioma galego. Enquisa realizada ós centros de ensino de Galicia*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (manuscrito, 211 pp.).

Fernández, M.A. (1993), “La lengua materna en los espacios urbanos gallegos”, *Plurilinguismes* 6, 27-53.

Fernández, M. (2004), “O uso do galego nos espacios urbanos”, en R. Álvarez, F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (16-20 setembro de 1996), vol. I*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega – Consello da Cultura Galega, 245-255.

Fernández Rodríguez M.A. & M.A. Rodríguez Neira (1998), “A relación entre competencia e uso do galego”, *Cadernos de Lingua* 17, 25-45.

Fernández Rodríguez M.A. & M.A. Rodríguez Neira (1999), “O papel das redes sociais na relación entre competencia e uso do galego, *Cadernos de Lingua* 18, 5-27.

Formoso, V. (2000), “Normalización na empresa. Análise do carácter do empresariado. Comparación coas comunidades vasca e catalana. ¿Onde poden estar as solucións?”, en *Actas dos II Encontros de Normalización Lingüística (28 e 29 de outubro de 1999)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 73-92.

Formoso, V. (2004), "Análise da situación sociolingüística na empresa galega", en R. Álvarez, F. Fernández Rei & A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (16-20 setembro de 1996)*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega – Consello da Cultura Galega, 283-290.

Fowler, F.J. (1993), *Survey Research Methods*, Newbury, Park.

Gómez Guinovart, X. (2003), "A lingua galega en internet", en A. Bringas & B. Martín (eds.), *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*, Vigo, Universidade, 71-88.

Iglesias Álvarez, A. (1999), "Os estudios empíricos sobre a situación sociolingüística do galego", *Cadernos de Lingua* 19, 5-42.

Instituto Galego de Estatística (1992), *Censo de poboación e vivenda de 1991. Idioma*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia (4 volumes).

Instituto Galego de Estatística (2003), *Censo de poboación e vivenda 2001. Datos provisionais. Galego* [http://www.ige.xunta.es/ga/home.htm].

Instituto Galego de Estatística (2004), *Enquisa de condición de vida das familias. Coñecemento e uso de galego. Ano 2003*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Lorenzo, A.M. (1993), "A lingua galega nas actividades laborais do sector secundario: do hábito adquirido á interacción social", *Cadernos de Lingua* 8, 19-24.

Lorenzo, A.M., R. Luaces, X.M. Pin, P. Sánchez, A. Vaamonde & L. Varela (1997) *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo. Estudiantes, PAS e profesores*, Vigo, Universidade.

Monteagudo, H. (2002), "A lingua galega na sociedade: descrición actual e perspectivas de futuro", en VV.AA., *A normalización lingüística a debate*, Vigo, Xerais, 7-46.

Monteagudo, H. e X. Bouzada (2002), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Nelde, P., G. Williams & M. Strubell (1996), *Euromosaic. The production and reproduction of the minority language groups in the European Union*, Bruxelas, Comisión Europea.

Precedo Ledo, A. *et al*. (1996), "Entre lo rural y lo urbano", en *Construír Europa. Galicia*, Madrid, Fundación Encuentro, 73, 105.

Ramallo, F.F. & G. Rei-Doval (1998), *Vender en galego*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Recalde Fernández, M. (2004), “Os fenómenos de desgaleguización e a (re)galeguización en Galicia”, en R. Álvarez, F. Fernández Rei & A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (16-20 setembro de 1996), vol. I,* Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega – Consello da Cultura Galega, 357-370.

Redondo Bellón, I. (1999), “Relación entre hábitos de consumo e os grupos lingüísticos en Galicia”, *Revista de Economía de Galicia* 8(1), 165-80.

Rei Doval, G. O *galego no ámbito urbano: Unha visión desde a macrosociolingüística*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

Rei-Doval, G. (no prelo), “A lingua galega no medio urbano. Unha visión desde a macrosociolingüística”, en *Actas dos V, VI e VII Encontros para a Normalización Lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Neira, M. (2002), “A lingua galega nos comezos do novo milenio”, en Mª. J. Bugarín *et al*. (eds.), *Actas da VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias (Santiago de Compostela, 22-24 de novembro de 2001)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 129-147.

Rodríguez Neira, M. e X. Rubal Rodríguez (1987), *O galego no ensino público non universitario*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Neira, M.A. (coord.) (1998), *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela (resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)*, Santiago de Compostela, Universidade.

Rojo, G. (1979), *Aproximación a las actitudes lingüísticas del profesorado de EGB en Galicia*, Santiago de Compostela, ICE.

Romero, D. e I. Vaquero (2001), *Da periferia á rede*, Vigo, Xerais.

Romero, D. e I. Vaquero (1999), *Novas tecnoloxías e usos lingüísticos*, Santiago de Compostela, Confederación de Empresarios de Galicia.

Rubal Rodríguez, X. (1991), *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Rubal Rodríguez, X. (1992), *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario*, Santiago de Compostela, ICE.

Rubal Rodríguez, X., D. Veiga Martínez & N. Arza (1992), *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Seminario de Sociolingüística (1994), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega.

Seminario de Sociolingüística (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega.

Seminario de Sociolingüística (1996), *Actitudes lingüísticas en Galicia*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega.

Seminario de Sociolingüística (2003), *O galego segundo a mocidade*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega.

Silva Valdivia, B. (2003), *Interferencias morfosintácticas do castelán no galego. Avaliación da competencia do alumnado de educación secundaria*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

Sztompka, P. (2002), *Sociología del cambio social*, Madrid, Alianza.

VV.AA. (1970), "La comunidad regional", en *Informe sociológico de la situación social de España: 1970*, Madrid, Fundación Foessa, Euroamérica.

VV.AA. (2005), *Plan xeral de normalización da lingua galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

+ SECCIÓN DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL + SECCIÓN DE ARQUITECTURA + SECCIÓN DE COMUNICACIÓN. Arquivo de Comunicación + SECCIÓN DE DEREITO GALEGO + SECCIÓN DE CULTURA GALEGA NO EXTERIOR. Arquivo da Emigración Galega + **SECCIÓN DE LINGUA**. Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia + SECCIÓN DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS. Arquivo Sonoro de Galicia + SECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO + SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS + SECCIÓN DE PATRIMONIO NATURAL + SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE + SECCIÓN DE LITERATURA E INDUSTRIAS DA EDICIÓN + SECCIÓN DE FILOSOFÍA E PENSAMENTO +

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
PAZO DE RAXOI, 2º ANDAR. PRAZA DO OBRADOIRO. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEL. 981 95 72 02 FAX 981 95 72 05 • WEB http://www.consellodacultura.org